

As árbores do Campus de Ourense



As árbores do Campus de Ourense

**Oficina de Medio Ambiente
Universidade de Vigo**

EDITA: Oficina de Medio Ambiente. Universidade de Vigo.

TEXTOS: David Taín Guzmán.

FOTOGRAFÍAS: Diego Fernández Sevilla e David Taín Guzmán.

MAPA: José Manuel Pérez Teijeiro.

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Sergio Ramos Felípez.

MAQUETACIÓN: David Taín Guzmán.

IMPRESIÓN: Impresión Artes Gráficas.

AGRADECIMENTOS: José Manuel Pérez Teijeiro por coidar destas árbores e pola súa axuda, que foi imprescindible para facer este libro. Juan Antonio De Jesús González, Rosa Aricia Rodríguez Romero e Vicente Rodríguez Gracia, revisaron o manuscrito.

DEPÓSITO LEGAL: OU 41-2011

Índice

1.- Introducción. 7

2.- As árboles. 8

Pteridophyta

<i>Dicksoniaceae</i>	
<i>Dicksonia antarctica</i>	8

Gymnospermae

<i>Ginkgoaceae</i>	
<i>Ginkgo biloba</i>	9
<i>Araucariaceae</i>	
<i>Araucaria heterophylla</i>	10
<i>Wollemia nobilis</i>	11
<i>Cupressaceae</i>	
<i>Calocedrus decurrens</i>	11
<i>X Cupressocyparis leylandii</i>	12
<i>Cupressus arizonica</i>	13
<i>Cupressus sempervirens</i>	14
<i>Pinaceae</i>	
<i>Abies concolor</i>	15
<i>Abies nordmanniana</i>	15
<i>Abies pinsapo</i>	16
<i>Cedrus atlantica</i>	17
<i>Cedrus brevifolia</i>	18
<i>Cedrus deodara</i>	18
<i>Cedrus libani</i>	19
<i>Larix decidua</i>	20
<i>Larix kaempferi</i>	21
<i>Pinus mugo</i>	22
<i>Pinus pinea</i>	22
<i>Pinus strobus</i>	24
<i>Pinus sylvestris</i>	24
<i>Pinus thumbbergii</i>	25
<i>Pseudotsuga menziesii</i>	26
<i>Taxaceae</i>	
<i>Cephalotaxus harringtonia</i>	26
<i>Taxus baccata</i>	27
<i>Taxodiaceae</i>	
<i>Cryptomeria japonica</i>	28
<i>Metasequoia glyptostroboides</i>	29
<i>Sciadopitys verticillata</i>	29
<i>Sequoia sempervirens</i>	30

<i>Sequoiadendron giganteum</i>	30
<i>Taxodium distichum</i>	31

Angiospermae

Dicotyledonae

<i>Magnoliaceae</i>	
<i>Liriodendron tulipifera</i>	32
<i>Lauraceae</i>	
<i>Laurus nobilis</i>	33
<i>Platanaceae</i>	
<i>Platanus hispanica</i>	34
<i>Hamamelidaceae</i>	
<i>Liquidambar styraciflua</i>	35
<i>Fagaceae</i>	
<i>Castanea sativa</i>	36
<i>Fagus sylvatica</i>	37
<i>Quercus ilex</i>	37
<i>Quercus robur</i>	38
<i>Quercus rubra</i>	39
<i>Quercus suber</i>	40
<i>Salicaceae</i>	
<i>Populus x canadensis</i>	41
<i>Tamaricaceae</i>	
<i>Tamarix gallica</i>	42
<i>Tiliaceae</i>	
<i>Tilia americana</i>	43
<i>Ulmaceae</i>	
<i>Celtis australis</i>	44
<i>Ulmus minor</i>	45
<i>Theaceae</i>	
<i>Camellia japonica</i>	45
<i>Aquifoliaceae</i>	
<i>Ilex aquifolium</i>	47
<i>Ericaceae</i>	
<i>Arbutus unedo</i>	48
<i>Pittosporaceae</i>	
<i>Pittosporum tenuifolium</i>	49
<i>Rosaceae</i>	
<i>Cotoneaster horizontalis</i>	49
<i>Crataegus monogyna</i>	50
<i>Malus floribunda</i>	50
<i>Prunus laurocerasus</i>	51

<i>Prunus serrulata</i>	51
<i>Prunus spinosa</i>	52
<i>Prunus subhirtella</i>	53
<i>Sorbus aucuparia</i>	53

Fabaceae

<i>Albizia julibrissin</i>	54
<i>Cercis canadensis</i>	55
<i>Cercis chinensis</i>	55
<i>Cercis siliquastrum</i>	56
<i>Sophora japonica</i>	57

Proteaceae

<i>Grevillea lanigera</i>	58
---------------------------	----

Cornaceae

<i>Cornus sanguinea</i>	58
-------------------------	----

Rhamnaceae

<i>Ceanothus thyrsiflorus</i>	59
-------------------------------	----

Sapindaceae

<i>Koelreuteria paniculata</i>	59
--------------------------------	----

Hippocastanaceae

<i>Aesculus hippocastanum</i>	60
-------------------------------	----

Aceraceae

<i>Acer campestre</i>	61
<i>Acer cappadocicum</i>	62
<i>Acer palmatum</i>	62
<i>Acer pseudoplatanus</i>	63

Rutaceae

<i>Poncirus trifoliata</i>	64
----------------------------	----

Oleaceae

<i>Ligustrum lucidum</i>	65
--------------------------	----

Bignoniaceae

<i>Catalpa bignonioides</i>	66
-----------------------------	----

Caprifoliaceae

<i>Viburnum tinus</i>	66
-----------------------	----

Monocotyledonae

Palmaceae


<i>Trachycarpus fortunei</i>	67
------------------------------	----

Agavaceae


<i>Cordyline australis</i>	68
----------------------------	----

3.- Glosario	69
---------------------	----

4.- Bibliografía	72
-------------------------	----



- | | |
|-----------------------------------|--------------------------------------|
| 1. <i>Abies concolor</i> | 22. <i>Cephalotaxus harringtonia</i> |
| 2. <i>Abies nordmanniana</i> | 23. <i>Cercis canadensis</i> |
| 3. <i>Abies pinsapo</i> | 24. <i>Cercis Chinensi</i> |
| 4. <i>Acer campestre</i> | 25. <i>Cercis siliquastrum</i> |
| 5. <i>Acer cappadocicum</i> | 26. <i>Cordyline australis</i> |
| 6. <i>Acer palmatum</i> | 27. <i>Cornus sanguinea</i> |
| 7. <i>Acer pseudoplatanus</i> | 28. <i>Cotoneaster horizontalis</i> |
| 8. <i>Aesculus hippocastanum</i> | 29. <i>Crataegus monogyna</i> |
| 9. <i>Albizia julibrissin</i> | 30. <i>Cryptomeria japonica</i> |
| 10. <i>Araucaria heterophylla</i> | 31. <i>Cupressus arizonica</i> |
| 11. <i>Arbutus unedo</i> | 32. <i>Cupressus sempervirens</i> |
| 12. <i>Calocedrus decurrens</i> | 33. <i>Dicksonia antarctica</i> |
| 13. <i>Camellia japonica</i> | 34. <i>Fagus sylvatica</i> |
| 14. <i>Castanea sativa</i> | 35. <i>Ginkgo biloba</i> |
| 15. <i>Catalpa bignonioides</i> | 36. <i>Grevillea lanigera</i> |
| 16. <i>Ceanothus thyrsiflorus</i> | 37. <i>Ilex aquifolium</i> |
| 17. <i>Cedrus atlantica</i> | 38. <i>Koelreuteria paniculata</i> |
| 18. <i>Cedrus brevifolia</i> | 39. <i>Larix decidua</i> |
| 19. <i>Cedrus deodara</i> | 40. <i>Larix kaempferi</i> |
| 20. <i>Cedrus libani</i> | 41. <i>Laurus nobilis</i> |
| 21. <i>Celtis australis</i> | 42. <i>Ligustrum lucidum</i> |



- | | |
|---|--|
| 43. <i>Liquidambar styraciflua</i> | 64. <i>Quercus suber</i> |
| 44. <i>Liriodendron tulipifera</i> | 65. <i>Sciadopitys verticillata</i> |
| 45. <i>Malus floribunda</i> | 66. <i>Sequoia sempervirens</i> |
| 46. <i>Metasequoia glyptostroboides</i> | 67. <i>Sequoiadendron giganteum</i> |
| 47. <i>Pinus mugo</i> | 68. <i>Sophora japonica</i> |
| 48. <i>Pinus pinea</i> | 69. <i>Sorbus aucuparia</i> |
| 49. <i>Pinus strobus</i> | 70. <i>Tamarix gallica</i> |
| 50. <i>Pinus sylvestris</i> | 71. <i>Taxodium distichum</i> |
| 51. <i>Pinus tumbergii</i> | 72. <i>Taxus bacata</i> |
| 52. <i>Pittosporum tenuifolium</i> | 73. <i>Tilia americana</i> |
| 53. <i>Platanus hispanica</i> | 74. <i>Trachycarpus fortunei</i> |
| 54. <i>Poncirus trifoliata</i> | 75. <i>Ulmus minor</i> |
| 55. <i>Populus x canadensis</i> | 76. <i>Viburnum tinus</i> |
| 56. <i>Prunus laurocerasus</i> | 77. <i>Wollemia nobilis</i> |
| 57. <i>Prunus serrulata</i> | 78. <i>X Cupressocyparis leylandii</i> |
| 58. <i>Prunus spinosa</i> | |
| 59. <i>Prunus subhirtella</i> | |
| 60. <i>Pseudotsuga menziesii</i> | |
| 61. <i>Quercus ilex</i> | |
| 62. <i>Quercus robur</i> | |
| 63. <i>Quercus rubra</i> | |

1.- Introducción

O Campus das Lagoas esta situado no barrio de igual nome, dentro do núcleo urbano da cidade de Ourense. Nel medran moitas árbores de diferentes especies procedentes de diferentes partes do planeta, algunhas delas senlleiras pola súa porte e idade, como seis



cedros centenarios que deberon ser sementados cando se construíu o xardín do hospital provincial a comezos do século vinte. En total unhas oitenta especies diferentes, a maior parte delas sinalizadas cun pequeno atril, que recolle a información

básica para coñecelas.

A Oficina de Medio Ambiente da Universidade de Vigo constitúe o órgano responsable da súa política ambiental. Nun dos seus obxectivos fundaméntase a realización desta publicación: o fomento da educación, sensibilización e investigación ambiental, como xeito de achega-las árbores á comunidade universitaria e a calquera interesado, pois coñecer é respectar, sendo un forma de educar no medio ambiente.

As árbores no libro están ordenadas seguindo a clasificación das plantas vasculares proposta polo Doutor D. J. Mabberley, na segunda edición da súa publicación: *The plant-book: A portable dictionary of the vascular plants*. Publicado por: *Cambridge University Press*.

Para cada especie pódense atopar os seguintes apartados:

- **Nome científico.** Nome do taxon en lingua latina.
- **Nomes vernáculos.** En galego e castelán.
- **Orixe.** Lugar do planeta do que provén.
- **Distribución.** Onde podemos atopala no noso país.
- **Descrición** das súas características principais.
- **Usos** que fai ou fixo dela o home.

Co libro na man propoñemos que se percorra o campus, achegándose as árbores como parte da natureza que nos rodea.

2.- As árbores

PTERIDOPHYTA

FAMILIA: *Dicksoniaceae*

Dicksonia antarctica Labill.

NOMES VERNÁCULOS: dicksonia, fento arbóreo, helecho arbóreo.

ORIXE: endémico de Nova Gales do Sur, Tasmania e Victoria.

DISTRIBUCIÓN: ornamental.

DESCRICIÓN: fento moi primitivo, de orixe Xurásica. Acada ata os 3 m de altura, medrando moi paseniño, uns 3-5 cm anuais. Na súa rexión de orixe pode chegar ós 6-15 m, o que dá unha idea do tempo que pode chegar a vivir. O tronco chámase estipe, e a cortiza está



constituída polos restos das frondes, peludas e fibrosas, de cor parda- vermella. Rematan nun penacho de grandes frondes coriáceas, de ata 2 m de lonxitude, cos pecíolos peludos e de cor verde-escura. Reprodúcese por esporas microscópicas xeradas no envés das frondes dos fentos ou esporófitos adultos, nunhas estruturas chamadas soros, que ó abrírense liberan as esporas que son espaxadas polo vento e a auga. Se van dar a un lugar axeitado xerminan, formando un pequeno rizoma e unha estrutura plana con forma de corazón, o prótalo, cos órganos femininos, chamados arquegonios e os masculinos, os anteridios. Ó darse a fertilización fórmase un esporófito, o fento acabado de saír que absorbe o prótalo.

USOS: moi empregada como ornamental ó tolerar temperaturas de ata -5 °C. A medula da planta pódese comer, sendo unha boa fonte de amidón.

GINNOSPERMAEFAMILIA: *Ginkgoaceae**Ginkgo biloba* L.

NOMES VERNÁCULOS: xinkgo, árbore dos corenta escudos, ginkgo.

ORIXE: China central.

DISTRIBUCIÓN: sementada en parques e xardíns pero non é frecuente.

DESCRICIÓN: árbore de folla caduca, “relicta” ou “fósil vivente”, que pode chegar a vivir 2500 anos. Para atopar especies emparentadas hai que buscar no rexistro fósil do Pérmico, hai 270 millóns de anos. Ten os sexos separados e pode acadarlos 35 m de altura. Ten copa



algo piramidal e formada por un ou máis troncos. Cortiza de cor parda-agrisada con fendas e follas con forma de abano e cor verde clara. Exemplanes masculinos con inflorescencias amarelas, os amentos, moi numerosos. Os femininos con flores en grupos de dous ou tres. Froito semellante a unha cereixa, de cor acastañada-amarelenta e textura carnosa, verde-agrisada ó madurar.

**USOS:**

empregada na China e Xapón con fins ornamentais e medicinais dende hai miles de anos. Das follas obtense un extracto que posúe flavonas, e que ó inxerilo aumenta o

fluxo sanguíneo central e periférico, o que fai máis eficiente a irrigación do cerebro e as extremidades. Estas flavonas teñen tamén "actividade antiagregante", que reducen a formación de coágulos nas veas e arterias e, con iso, o risco de padecer trombooses. Tamén neutralizan os radicais libres implicados no proceso do envellecemento.

FAMILIA: *Araucariaceae*

Araucaria heterophylla (Salisb.) Franco

NOMES VERNÁCULOS: araucaria da illa de Norfolk, araucaria, pino de Norfolk, pino de pisos.

ORIXE: endémica da Illa de Norfolk, descuberta polo capitán Cook en 1774 a 1450 km ó leste de Australia.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é moi empregada como árbore ornamental.

DESCRICIÓN: conífera membro da antiga familia das araucarias. Ten os sexos separados, existindo pés hermafroditas. Moi alta, chega a acadar dos 50 ós 70 m de altura. Estrutura simétrica con porte cónico e pólas en pisos con corte pentagonal. Cortiza



escamosa e follas de dous tipos: as xuvenís rematadas en punta, brandas e de cor verde-brillante, as follas maduras son ovalado-triangulares coa punta dura. Inflorescencias masculinas de 4-5 cm de lonxitude; femininas de maior tamaño, con forma de globo, máis anchas na base e coas escamas rematadas en punta curvada.



USOS: amplamente sementada en todo o mundo polo seu valor ornamental. Na antigüidade foi empregada para facer mastros da mariña inglesa, polos seus grandes troncos, rectos e fortes.

Wollemia nobilis W.G.Jones, K.D.Hill & J.M.Allen

ORIXE: escasa árbore, descuberta no ano 1994 no Wollemi National Park en Nova Gales do Sur, Australia.

DISTRIBUCIÓN: pódese atopar en moi poucos parques do país.



DESCRICIÓN: conífera de folla perenne, considerada un “fósil vivente”, pois os últimos fósiles coñecidos do xénero teñen dous millóns de anos. Acada os 25-40 m de altura e ten a cortiza de cor



acastañada-escura. Follas planas e lineares de 3-8 cm de longo e cor verde. Os conos masculinos e femininos medran no mesmo pé; os masculinos conteñen o pole e teñen forma cónica, os femininos sitúanse nas pólas máis altas. As piñas son de cor verde, duns 6-12 cm de longo e, ó maduraren, mudan a cor acastañada, desintegrándose para libera-las sementes.

USOS: grazas o programa de propagación en Europa occidental pódese atopar á venda dende xuño do ano 2006.

FAMILIA: *Cupressaceae*

Calocedrus decurrens (Torrey) Florin

NOMES VERNÁCULOS: cedro do incenso, cedro de incienso,





libocedro de California, cedro branco de California.

ORIXE: oeste dos Estados Unidos e de México.

DISTRIBUCIÓN: sementado en Europa dende o século XIX. En Galicia é unha árbore exclusivamente ornamental.

DESCRICIÓN: conífera perenne que acada os 45 m de altura. Copa cónica e cortiza de cor parda-vermella que co tempo agreta en estrías lonxitudinais. Follas con forma de escamas, dispostas en pólas planas, semellando abanos de cor verde-escura. As flores masculinas son pequenas e amarelas, as femininas son

pequenas piñas ovoides de cor verde que tornan acastañadas ó maduraren, liberando pequenas sementes con ás.

USOS: árbore moi valorada como ornamental pola súa resistencia á seca. A madeira é de boa calidade e moi aromática. Emprégase para ebanistaría, marquetaría, talla e para facer lapis. A cortiza pode queimarse como incenso, de aí o nome.

X Cupressocyparis leylandii (Dallimore & Jackson) Dallimore



NOMES VERNÁCULOS: ciprés de Leyland, alcipreste de Leyland.

ORIXE: híbrido natural entre *Cupressus macrocarpa* e *Chamaecyparis nootkatensis*, descuberto en 1888 no País de Gales por C. J. Leyland.

DISTRIBUCIÓN: árbore ornamental moi cultivada en xardíns de todo o país.

DESCRICIÓN: chega a ter entre 20 e 25 m de altura, porte columnar e crecemento rápido. Follas con aparencia de escama, lixeiramente aromáticas e de cor verde-escura, un pouco máis pálidas no envés. Piñas



duns 2 cm de lonxitude, con cinco sementes estériles.

USOS: árbore exclusivamente ornamental. No mercado existen varios clons desta especie. Atopámola solitaria, en pequenos grupos ou formando sebes.

Cupressus arizonica Greene

NOMES VERNÁCULOS: ciprés de Arizona, alcipreste de Arizona, ciprés glabro de Arizona.

ORIXE: sur dos Estados Unidos e norte de México.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é unha árbore ornamental.

DESCRICIÓN: conífera perenne que pode chegar ós 10-25 m de tamaño. Copa cónica e cortiza fibrosa e agretada de cor parda-vermella. Follas como pequenas escamas de cor verde-agrisada ou azulada e con glándulas de resina, que lle confiren un forte cheiro. As inflorescencias terminais son pequenas e solitarias, podendo ser dun ou doutro sexo. As masculinas son de cor amarela e as femininas de cor verde. As pequenas piñas permanecen



moito tempo na árbore e conteñen moitas sementes, teñen forma de globo, cor parda-verdosa e pasan a parda-agrisada ó maduraren.

USOS: empregado como árbore ornamental para formar sebes ou en solitario. A súa madeira pódese empregar como combustible ou en carpintaría.

Cupressus sempervirens L.

NOMES VERNÁCULOS: ciprés, alcipreste común.

ORIXE: suponse que é nativo do Mediterráneo oriental (Irán, Siria, Chipre).

DISTRIBUCIÓN: a área de distribución orixinal non está ben determinada, xa que dende a antigüidade foi moi cultivado en todo o mundo.

DESCRICIÓN: pode chegar ós 30 m de tamaño e ten porte columnar ou estendido. Cortiza delgada de cor parda-agrisada, con longas fendas lonxitudinais. Follas como escamas, planas e de cor verde-escura. Florece a finais do inverno. As inflorescencias masculinas son de cor amarela e as femininas solitarias ou en grupos.

Piñas esféricas de cor verde, que pasan a gris-acastañada ós dous anos, na madureza.



USOS: moi empregado como árbore ornamental e para facer sebes. Non está clara a procedencia da súa simboloxía funeraria e a orixe do costume de sementalo nos camposantos. Se cadra, debido á súa lonxevidade e dado que é unha árbore sempreverde e que maxestosamente apunta ó ceo, é o que determinou que se crese que axudaba as almas dos mortos a elevárense. Ten unha madeira pesada, duradeira e resistente á humidade. Empregada dende a antigüidade na construción naval, na carpintaría ou para facer guitarras. En medicina as follas e as piñas utilízanse para o tratamento das varices, das chagas varicosas, das almorras e dos problemas da próstata. É astrinxente, expectorante, diurético, vasoconstritor, sudorífico e febrífugo.

FAMILIA: *Pinaceae*

Abies concolor (Gordon & Glend.) Lindley

NOMES VERNÁCULOS: abeto do Colorado, abeto del Colorado.

ORIXE: montañas occidentais de Norteamérica, dende o sueste dos Estados Unidos ó norte de México.

DISTRIBUCIÓN: árbore ornamental.

DESCRICIÓN: conífera perenne que pode acadar dos 25 ós 45 m de altura. De cor xeral gris-prateada. Cortiza agrisada e lisa. Co tempo agrétase de xeito irregular. Follas aciculares dispostas en cepillos, coa punta non aguzada e de cor verde ou azul-verdosa na face e con



dúas bandas azul-claras no envés. Inflorescencias separadas por sexo; masculinas amarelas, colgantes na parte inferior dos brotes e as femininas amarelo-verdosas, que ó fecundar forman as piñas que se dispoñen erectas sobre as pólas. Piñas

cilíndricas de cor verde-púrpura; pardas na madurez.

USOS: moi sementada como ornamental e para ser empregada como árbore do Nadal, ó ter un arrecendo agradable e as acículas sen punta. A madeira é branda e de mala calidade, polo que é pouco empregada.

Abies nordmanniana (Steven) Spach

NOMES VERNÁCULOS: abeto do Cáucaso, abeto del Cáucaso, abeto de Nordman.

ORIXE: norte de Asia Menor, Xeorxia, montes de Crimea e do Cáucaso.

DISTRIBUCIÓN: cultivado en grande parte de España.

DESCRICIÓN: árbore perenne que pode acada-los 60 m de altura. Copa piramidal e cortiza lisa de cor agrisada, que co tempo se agreta lonxitudinalmente. Acículas pequenas coa punta escotada, face verde e con dúas liñas brancas no envés. Inflorescencias masculinas globosas e



verde-amarelas. Inflorescencias femininas cilíndricas e verdes. Piñas de cor parda-vermellada, cilíndricas, erectas e situadas na parte superior da copa.

USOS: é unha das especies máis sementada para ser empregada como árbore do Nadal, pois as acículas consérvanse moito tempo na árbore e non mancan ó teren a punta roma. Tamén se emprega como ornamental e a madeira para a construción ou para fabricar papel.



Abies pinsapo Boiss.

NOMES VERNÁCULOS: abeto Español, abeto pinsapo, pinsapo.

ORIXE: especie endémica de serras do sur de España (Cádiz e Málaga), entre os 1000 e os 1800 metros sobre o nivel do mar.

DISTRIBUCIÓN: cultivado con frecuencia en todo o país con fins ornamentais.

DESCRICIÓN: árbore de tamaño medio, que pode chegar ós 30 m de altura. Copa piramidal e cortiza fendida lonxitudinalmente.



Acículas curtas, de 10 a 15 mm de lonxitude, grosas, ríxidas, de ápice aguzado e dispostas helicoidalmente, o que dá ás pólas un aspecto de cepillo. Xemas enzoufadas de resina, ben diferenciadas das acículas terminais. Inflorescencias masculinas amarelas que pasan a vermellas na floración.



Inflorescencias femininas verde-pardentas na floración. Piñas cilíndricas, erectas, de 10 a 16 cm de lonxitude e situadas na parte superior da copa.

USOS: ornamentais, paisaxísticos e científicos.

Cedrus atlantica (Endl.) Carrière.

NOMES VERNÁCULOS: cedro do Atlas, piñeiro de Marrocos, cedro atlántico, cedro del Atlas.

ORIXE: especie das montañas de África do Norte (Marrocos e Alxeria).

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é empregada como árbore ornamental.

DESCRICIÓN: árbore de gran tamaño e moi lonxeva, pode chegar ós 40 m de altura e vivir 1000 anos. Porte piramidal, con pólas ascendentes e cortiza gris-clara, pouco fendida. Acículas de corte cuadrangular, verdes ou azuladas, de 0,8 a 3 cm de lonxitude e co ápice agudo. Inflorescencias masculinas de cor amarela-verdosa e femininas de tonalidade verde-esbrancuxada.

Florece entre outubro e novembro. Piñas erectas, cilíndricas, co vértice aplanado, de 5 a 10 cm de lonxitude e de cor verdosa, que chegan a ser acastañadas na madurez.

USOS: é o máis resistente de tódolos cedros e proporciona unha boa madeira, moi resistente a podrecer, moi aromática, e cun cheiro que afasta os insectos. Moi empregado con fins ornamentais. O aceite natural aromático ten propiedades antisépticas e era empregado polos antigos exipcios no proceso de embalsamamento.



Cedrus brevifolia (Hook. f) A. Henry

NOMES VERNÁCULOS: cedro de Chipre.

ORIXE: endémico das montañas do centro de Chipre.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é unha árbore ornamental difícil de atopar.

DESCRICIÓN: conífera de tamaño mediano que medra moi paseniño, acadando os 8-24 m de altura. Pode



acada-los 500 anos de idade. O porte nas árbores novas e piramidal, os exemplares vellos teñen forma de paraugas coas pólas curtas dispostas en horizontal. Follas aciculares, perennes e moi pequenas. Teñen cor verde escura e medran erectas sobre as pólas. Flores en inflorescencias separadas: as masculinas de cor verde-azulada e as femininas verdes. Piñas cilíndricas, duns 7 cm de longo e de cor parda ó madurar.

USOS: a madeira empregouse na construción ó ser moi resistente ós insectos e ós fungos, pero dende 1879 está protexido ó estar en perigo de desaparecer na natureza. Noutros tempos adoitábanse colocar pezas da madeira nos armarios para protexe-la roupa dos insectos.

Cedrus deodara (Roxb. ex D. Don) G. Don f.

NOMES VERNÁCULOS: cedro do Himalaia, cedro del Himalaya, cedro deodara.

ORIXE: oeste da cordilleira do Himalaia.

DISTRIBUCIÓN: constitúe inmensos bosques nas pendentes do Himalaia, entre os 1300 e os 2500 m de altitude, na India, no Pakistán, Cachemira, no Nepal e no Afganistán. En Galicia é unha árbore ornamental.

DESCRICIÓN: árbore de gran tamaño (de 40 a 50 m), pode chegar ata os 70 m de altura. O



porte é piramidal ó te-las ramificacións colgantes. A cortiza é gris escura, fendida en escamas irregulares. Acículas longas, de 2,5 a 4 cm de lonxitude ou máis, de cor verde-prateada e estreitas. Flores en inflorescencias cos sexos separados que saen no outono. Piñas erectas, ovoides, de 6 a 12 cm de lonxitude e co ápice arredondado.



USOS: posúe unha madeira excelente, moi duradeira e que desprende un cheiro agradable. Desta extráese unha esencia empregada na perfumaría e con propiedades antisépticas. Tamén se emprega na construción e con fins ornamentais.

Cedrus libani. A.Rich

NOMES VERNÁCULOS: cedro do Líbano, cedro de Salomón.

ORIXE: Medio Oriente.

DISTRIBUCIÓN: emblema do Líbano, onde non existe máis que como unha reliquia nas pendentes do Monte Líbano. A maior poboación hoxe en día atópase na Turquía, na cordilleira do Taurus. En Galicia atópase como árbore ornamental.



DESCRICIÓN: árbore de gran tamaño, pode pasar dos 40 m de altura. Cortiza fendida e de cor parda-agrisada. Porte cónico nos exemplares novos e de adulto con forma de parasol. Acículas de sección subcuadrangular, de 1,5 a 3 cm de lonxitude, ríxidas e punzantes, de cor verde-escura.



Piñas erectas con forma de bocoí, de 7 a 10 cm de lonxitude e co vértice aplanado, de cor violácea e agrisada na madurez.

USOS: a súa madeira considérase das máis pesadas, densas, fortes, duradeiras e aromáticas. As referencias ós cedros do Líbano remóntanse ós comezos da escritura, no terceiro milenio a. de C. Subministraba ós reis do Exipto, Mesopotamia, Fenicia, Asiria,

Babilonia, Persia e Grecia a madeira máis prezada do Oriente Próximo, ata que a rexión foi sometida por Roma. No século X a. de C. os fenicios construíron para Salomón un gran palacio con madeira de cedro. Tamén se empregou madeira de cedro para construí-lo Templo de Eolo na Grecia. Os antigos exipcios non só utilizaron amplamente a madeira de cedro, senón que usaron tamén un conservante de resina de cedro, chamado «vida dos mortos», no seu proceso de embalsamamento. Dise que Xesús-Cristo foi crucificado nunha cruz de madeira de cedro. No ano 118 da nosa era o emperador Adriano estableceu regras para protexelos.



Larix decidua Miller

NOMES VERNÁCULOS: lárice, alerce europeo, alerce común.

ORIXE: montañas de Centroeuroapa.



DISTRIBUCIÓN: en Galicia é unha árbore ornamental. DESCRICIÓN: conífera que perde as acículas no inverno. Pode acadarlos 40 m de altura. Estrutura cónica con pólas colgantes e finas, cortiza parda-vermellada, profundamente agretada. Acículas pequenas e de cor verde-clara cando medran na primavera; no outono tornan a amarela. Florece ó final da primavera. As inflorescencias masculinas, os amentos, son pequenos, amarelos e colgan das pólas. As inflorescencias femininas son máis grandes, vermellas e erguidas. As piñas son duns 2-4 cm de lonxitude, ovaladas e persisten moito tempo na árbore.

USOS: a madeira é de moi boa calidade e imputrescible, polo que se emprega na construción en instalacións ó ar libre. Tamén se emprega como ornamental e para extrae-la súa resina, a “trementina de Venecia”, con usos nas artes e na medicina natural.



Larix kaempferi (Lamb.) Carrière

NOMES VERNÁCULOS: alerce del Japón.

ORIXE: endémico do Xapón.

DISTRIBUCIÓN: parques e xardíns.

DESCRICIÓN: conífera caducifolia que medra moi rápido, acadando os 30-40 m de altura. A árbore ten forma cónica coa cortiza parda-vermellada. Follas pequenas e aciculares que caen no inverno, de cor verde-agrisadas ou azulentas, amarelas no outono. As inflorescencias son amarelas. As masculinas colgan das pólas e as femininas sitúanse erguidas sobre as mesmas. As piñas son ovóides e duns 3 cm de lonxitude. Dispóñense erectas sobre as pólas.



USOS: xunto con *L. decidua* é moi cultivado en España. Existe un híbrido de ambas denominado *Larix x marschlinsii*. A madeira é resistente e por iso se sementa en Xapón e en Europa.



Pinus mugo Turra

NOMES VERNÁCULOS: pino negro, pino de montaña.

ORIXE: montañas centroeuropeas.

DISTRIBUCIÓN:

comeza a ser moi empregado no xardíns galegos.

DESCRICIÓN:

conífera de alta montaña que atopamos no límite do hábitat no que as árbores son capaces de medrar, entre os 1500 e os 2500



metros de altitude. Por iso moitas veces medra paseniño, esmagado contra o solo, chegando ós 3-4 m de altura. Cortiza de cor gris-escura. Follas aciculares de 3-8 cm de lonxitude, agrupadas de dúas en dúas, de cor verde-escura e curvadas. Florece entre maio e xuño. Flores unisexuais: as masculinas en conos amarelos e as femininas

en conos vermellos. As pequenas piñas teñen cor verdosa e tornan pardas ó maduraren.

USOS: existen varios cultivares ornamentais que se empregan como tapizantes ou coníferas ananas.



Pinus pinea L.

NOMES VERNÁCULOS: piñeiro manso, pino piñonero.

ORIXE: orixinaria da rexión mediterránea.

DISTRIBUCIÓN: especie naturalizada que atopamos nas proximidades dos núcleos habitados.

DESCRICIÓN: piñeiro que pode supera-los 25 m de altura. Cortiza acastañada-avermellada, con placas



tamén vermellas separadas por gretas. O tronco é único e divídese en pólas formando unha copa con forma de parasol. Acículas en grupos de dúas, de 10 a 20 cm, persistentes e de cor verde algo azulada. Florece entre marzo e maio e ten flores unisexuais: as masculinas reunidas en conos amarelos e as femininas reunidas en conos ovoides, verdosos. As piñas maduran o terceiro ano despois da floración e son ovoides, de 8 a 14 cm de lonxitude e de cor acastañada-vermellada. A semente é o coñecido piñón, un comestible apreciado recuberto por unha dura cortiza.



USOS: como madeira e como combustible é de mala calidade. España é o primeiro produtor mundial de piñóns, que se usan en repostaría, ensaladas, etc.

Pinus strobus L.

NOMES VERNÁCULOS: pino canadense, pino de Weymouth, pino blanco.



ORIXE: leste de Norteamérica.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é unha árbore exclusivamente ornamental.

DESCRICIÓN: piñeiro que pode acadar ata os 30-50 m de altura. Cando é novo ten forma cónica e a cortiza lisa de cor verde-agrisada. Na madureza a cortiza agreta

lonxitudinalmente e ten cor acastañada-agrisada. Acículas en grupos de 5, brandas e coa punta roma, cor verde co interior da agulla con dúas liñas de estomas verde-azulados. Flores masculinas amarelas agrupadas en conos; femininas en pequenos conos ovóides, de cor rosa. Piñas longas que colgan dun pedúnculo; sitúanse nos extremos das pólas e teñen cor acastañada na madureza.

USOS: madeira de calidade que se emprega para talla, carpintaría, etc. As agullas en infusión de tisana conteñen máis vitamina C cós limóns. A tribo dos Adirondacks norteamericanos comían a cortiza interna nas épocas da escaseza no inverno. A tribo dos indios Ojibwe acostumaban guisar con carne os conos das flores masculinas. A resina tense empregado como impermeabilizante, para facer “trementina” e como antiséptico.

Pinus sylvestris L.

NOMES VERNÁCULOS: piñeiro silvestre, piñeiro rubio, pino silvestre, pino albar.

ORIXE: orixinario e distribuído por unha área moi extensa de Europa e Asia.

DISTRIBUCIÓN: foi moi abundante en Galicia trala última glaciación, hai uns 10.000 anos, segundo testemuñan as análises do pole. Hoxe en día só hai bosques de piñeiros silvestres procedentes de repoboacións, sobre todo nas montañas orientais galegas (San Mamede, Queixa, Trevinca, Os Ancares, O Caurel), case sempre por riba dos 800 ou 1000 m de altitude.



DESCRICIÓN: piñeiro que pode alcanzar entre 30 e 40 m de altura. Tronco grosso, dereito e cilíndrico, coa cortiza profundamente fendida e de cor parda-avermellada, que se desprende en placas. Follas acículas de 3 a 7 cm de lonxitude, persistentes, de cor verde-agrisada, en grupos de dúas. Florece entre maio e xuño e é polinizada coa axuda do vento. Flores unisexuais; as masculinas reunidas en conos amarelos ou púrpura-violáceos e as femininas reunidas en conos avermellados, solitarios ou agrupados por pares. O froito é unha pequena piña de cor parda e a semente ten unha á moi desenvolvida, que madura no outono do ano seguinte ó da floración.

USOS: empregado en repoboacións artificiais en zonas de elevada altitude. A madeira, de excelente calidade e con múltiples aplicacións, é a máis apreciada dos piñeiros do país. A leña é moi estimada como combustible. Antigamente empregábase na medicina contra a reuma e outras dores, pero o mellor uso é contra os arrefriados e a tose.

Pinus thunbergii Parl.

NOMES VERNÁCULOS: pino negro del Xapón, pino xapones de Thunberg.

ORIXE: beiramar de Xapón, China e Corea do Sur.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é unha árbore empregada como ornamental.

DESCRICIÓN: conífera perenne, acada unha altura media duns 25 m e pode chegar os 40 m. Forma cónica na xuventude e máis piramidal cos anos, adquirindo unha cortiza gris-escura moi agretada. Largas follas aciculares de cor verde-escura en grupos de dous. Flores unisexuais que saen en pólas diferentes ó principio do verán, as masculinas reunidas en conos amarelos e as femininas en conos de cor vermella. A piña é pequena, duns 7 cm, ovalada; contén as sementes e ten cor verde, mudando a parda-agrisada ó madurar.

USOS: é unha das árbores máis empregada para facer bonsais. Común nos parques e xardíns do Xapón ó ser considerada sagrado pola súa lonxevidade. A resina ten “trementina” que se emprega por inhalación ou por vía externa como expectorante, balsámico e antiséptico das vías respiratorias.



Pseudotsuga menziesii (Mirbel) Franco

NOMES VERNÁCULOS: abeto de Douglas, pino de Oregón.



ORIXE: occidente de América do Norte.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é moi empregado con fins ornamentais e en repoboacións forestais.

DESCRICIÓN: árbore de folia perenne e monoica; polo normal chega ós 75 m de altura, aínda que existen exemplares de ata 100 metros. Está considerada como unha das árbores máis altas do mundo. O abeto máis alto de que se ten constancia era coñecido como “Mineral Tree”, e medrou perto de “Mount Rainier”, en Washington; tiña 1020 anos de idade e 119,8 m de altura, e caeu en 1930. Na

actualidade o máis alto é o abeto “Brummit”, descuberto en 1991 en “Coos County”, no Estado de Oregón. Mide 100,27 m de altura e 3,5 m de diámetro, e ten un volume de 296,63 m³. Cortiza grosa, máis ou menos profundamente fendida e de cor acastañada-vermellada. Acículas flexibles e acanaladas na face, de 2 a 3 cm de lonxitude e de cor verde-escura, cun forte arrecendo a limón ou tanxerina ó refregar. As inflorescencias masculinas son verde-amareladas e as femininas verdosas ou vermellas. Piña grande, de cor acastañada-clara e con brácteas que sobresaen entre as escamas.

USOS: con fins ornamentais e como madeira, ten moitas aplicacións na carpintaría e úsase, ademais, para facer pasta de papel, trabes, travesas de ferrocarril etc.

FAMILIA: *Taxaceae*.

Cephalotaxus harringtonia (Forbes) K. Koch

NOMES VERNÁCULOS: teixo de Hokkaido, cefalotaxo japonés.

ORIXE: Xapón e China.

DISTRIBUCIÓN: sementado en Europa dende 1829, pero raro de atopar en Galicia.

DESCRICIÓN: esta conífera é unha pequena árbore caducifolia, que chega ós 10 m de altura. Cortiza escamosa de cor gris-



avermellada. Follas en filas a ámbalas dúas beiras dos brotes, lineais, de 5 cm de longo, rematadas en punta e cor verde-escura; envés con dúas bandas de estomas esbrancuxados. Dioica, os pés son macho ou femia e as flores saen en inflorescencias entre marzo e maio; as masculinas teñen forma globular e cor crema. Os froitos son pequenas drupas de cor verde-clara, que tornan acastañada-avermellada ó maduraren.

USOS: téñense desenvolvido varios cultivares ornamentais.

Taxus baccata L.

NOMES VERNÁCULOS: teixo, tejo.

ORIXE: Europa e suroeste de Asia.

DISTRIBUCIÓN: atópase nas montañas orientais de Galicia e como ornamental en parques e xardíns de toda a xeografía galega. O “Teixedal de Casaio”, en Carballeda de Valdeorras, é un dos máis importantes bosques desta árbore en España.

DESCRICIÓN: conífera non resinosa, perenne e autóctona. Acada os 20 m de altura. Medra moi paseniño e chega a acada-los 4000 anos de idade. Copa piramidal e cortiza de cor parda-purpúrea que se pode arrincar en láminas. As pequenas follas son lineares, planas, rematadas en punta, de cor verde-escura na face e máis claras no envés. Dioica, hai pés que botan inflorescencias masculinas, conos solitarios situados na cara inferior das pólas, esféricos e de cor amarela. Outros pés botan flores femininas que son moi pequenas e medran illadas no ápice das pólas. A semente está recuberta na súa maior parte polo arilo, que é unha envolta carnosa de cor vermella.



USOS: ten moitas variedades que se empregan como ornamentais. Foi eliminado en moitos lugares polos pastores, ó ser unha árbore tóxica para o gando por conte-lo alcaloide “taxina”. No pasado foi unha árbore sagrada e por iso se atopa a carón de moitas igrexas cristiás.

FAMILIA: *Taxodiaceae*.

Cryptomeria japonica (L. f.) D. Don

NOMES VERNÁCULOS: criptomeria japonesa, sugi, cedro japonés.

ORIXE: Xapón e sur da China.

DISTRIBUCIÓN: moi cultivada en Galicia.

DESCRICIÓN: conífera de gran porte que pode acadar 60 m de altura. Tronco recto e copa densa con forma cónica. Cortiza de cor parda-avermellada que agreda verticalmente. Pequenas follas aciculares perennes, dispostas en espiral nas pólas e de cor verde-clara, que tornan a cor bronce no inverno. As flores saen ó inicio da primavera; as masculinas son de cor parda-amarelenta e agrúpanse nas axilas das follas; as femininas son unhas pequenas piñas esféricas que saen illadas na punta das pólas, teñen cor verde



e ó maduraren mudan a cor acastañada.

USOS: pódese atopar en xardíns das zonas temperás do planeta. Tamén é boa para bonsais de mediano tamaño. Emprégase para cultivos forestais, pois a madeira é moi resistente e duradeira, tendo moitas aplicacións na construción, carpintaría e ebanistaría. É unha especie moi lonxeva, podendo chegar a vivir 2000-3000 anos. Se cadra, por iso son reverenciadas no Xapón e se adoitan plantar nos templos e nas tumbas das persoas ilustres.



Metasequoia glyptostroboides Hu & W. C. Cheng

NOMES VERNÁCULOS: falsa sequoia, metasecuoya, falsa secuoya.

ORIXE: Lichuan, provincia de Hubei na República Popular China.

DISTRIBUCIÓN: o primeiro exemplar foi sementado en Cantabria en 1956. En Galicia medran algúns exemplares en parques e xardíns.

DESCRICIÓN: conífera que é un “fósil vivente”. Foi descuberta en 1944 e é a derradeira especie viva do xénero *Metasequoia*, do

que se coñecen outras tres especies fósiles. Ten rápido crecemento, chegando ós 30-40 m de altura e 2 m de diámetro no tronco. É unha árbore monoica e caducifolia de porte cónico e cortiza parda-avermellada. Follas aciculares aplanadas de 0,8-2,5 cm e cor verde que vira a parda-vermella no outono. As flores saen ó principio da primavera. Os conos masculinos son amarelos e os femininos son unhas pequena piñas ou conos, verdosas, que maduran ós 8-9 meses de seren polinizadas, tornando a cor parda.

USOS: doada facela medrar nas rexións temperás e por iso é moi sementada como ornamental.



Sciadopitys verticillata (Thunb.) Siebold & Zucc.

NOMES VERNÁCULOS: pino sombrilla del Japón, pino parasol.

ORIXE: endémica do Xapón.

DISTRIBUCIÓN: piñeiro sementado en Galicia en coleccións de ornamentais.

DESCRICIÓN: ó se-la única especie do seu xénero é considerada un “fósil vivente”. Conífera de folla perenne que acada os 25-35 m de altura.

Forma piramidal e cortiza de cor parda-avermellada que se desprende en longas tiras verticais. Follas aciculares duns 12 cm de lonxitude, de cor verde-escura e envés verde-amarelento, que saen agrupadas en verticilos e de aí o seu nome latino. Florece na primavera en inflorescencias dun ou outro sexo; as masculinas de cor amarela e as femininas verdes. Piña ovalada de cor verde, parda-agrisada ó madurar ós dous anos.

USOS: apreciado como ornamental.



Sequoia sempervirens (D. Don) Endl.

NOMES VERNÁCULOS: sequoia común, secuoya, secuoya roja.

ORIXE: unha estreita franxa do oeste dos Estados Unidos, dende Oregón ata California.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia atópanse algúns exemplares en parques e xardíns.

DESCRICIÓN: na actualidade o ser vivo máis alto do mundo é a sequoia chamada "Hyperium", ten 115,5 m e atópase no "Parque Nacional de Redwood" ó norte de San Francisco.

Especie moi lonxeva, a máis vella coñecida ten arredor dos 2 200 anos. Tronco recto con base de ata 7 m de diámetro, pólas



horizontais, porte piramidal e cortiza moi grosa, esponxosa, de cor parda-vermella. Follas aciculares perennes, duns 2 cm, verde- escuras na face e no envés teñen dúas bandas de estomas branco-azulados. Florece a finais do inverno ou principios da primavera. As inflorescencias sitúanse separadas no mesmo pé; as

masculinas son pardo-amarelentas e as femininas verdes. Posúen pequenas piñas pardo-avermelladas e ovoides, que maduran ós 8-9 meses despois da polinización.

USOS: madeira de cor vermella e de moi boa calidade que se emprega na construción e na ebanistaría. Introducida en Europa no ano 1843, sendo moi sementada como ornamental.



Sequoiadendron giganteum (Lindley) Buchholz

NOMES VERNÁCULOS: sequoia xigante, secuoya gigante, wellingtonia.

ORIXE: unha pequena área da parte occidental da Serra Nevada en California.

DISTRIBUCIÓN: en España seméntase con fins ornamentais dende mediados do século XIX.

DESCRICIÓN: conífera de folla perenne descuberta polos europeos no ano 1833. En volume é o vexetal máis grande do mundo; a árbore chamada



“General Sherman”, situada en “Giant Forest”, tiña 1486,9 m³. Poden medrar ata os 50-85 m de altura e chegan ós 5-7 m de diámetro. A sequoia máis alta coñecida chegaba ós 94 m e tiña 8,85 m de diámetro; a máis vella tiña 3200 anos, contados nos seus aneis de medra. Cortiza parda-vermella, moi grosa e fibrosa, de ata 60 cm de ancho na base do tronco. A súa función é protexela árbore do lume.




Follas moi pequenas e rematadas en punta, de cor verde-escura e dispostas en espiral. Ó principio da primavera saen as súas flores, situadas en inflorescencias separadas polo sexo; masculinas amarelas nos extremos das pólas e femininas verdes. Piñas pequenas de cor verde, maduran ós 18-20 meses e poden quedar pechadas ata 20 anos, precisando do lume, dos esquivos ou da acción dalgúns insectos para abrírense. Tamén as sementes precisan do lume para xerminar e medrar sen a competencia doutras especies.

USOS: a madeira das árbores maduras é moi resistente á descomposición, en cambio é fibrosa e quebradiza, polo que non vale para a construción e emprégase para fins comerciais marxinais. As árbores novas son menos quebradizas e por iso existen cultivos madeireiros en California e na Europa occidental. Tamén se sementan para o seu uso como árbore do Nadal e é moi empregada como ornamental en Europa, Estados Unidos, Australia e o Canadá.

Taxodium distichum (L.) Rich.

NOMES VERNÁCULOS: ciprés dos illós, alcipreste dos illós, ciprés de los pantanos, ciprés calvo.

ORIXE: sueste de Norteamérica, de Delaware a Texas. Hai oito millóns de anos, no mioceno, tamén habitaba Europa.



DISTRIBUCIÓN: en Europa introduciuse como ornamental en 1640.

DESCRICIÓN: conífera caducifolia que pode acadar os 30-50 m de altura. Posúe unhas protuberancias leñosas nas raíces que lle permiten respirar nas zonas pantanosas que conforman o seu hábitat. É a árbore emblema de Louisiana. Copa en forma de

pirámide nas árbores novas, cortiza grosa e fibrosa de cor parda-vermellada. Acículas dispostas en espiral ou estendidas, son pequenas e de cor verde-clara. As flores masculinas dispóñense en inflorescencias terminais colgantes de cor verde-amarelenta; as inflorescencias femininas teñen cor verde e saen na base das inflorescencias masculinas. As piñas son pequenas, arredondadas e de cor verde. Maduran no mesmo outono ou inverno do mesmo ano da floración, adquirindo cor parda.



USOS: moi empregado como árbore ornamental, tanto en estanques como en terreos máis secos. A súa madeira é de boa calidade e moi duradeira. Emprégase nas construción ó ar libre.

ANGIOSPERMAE

Dicotyledonae

FAMILIA: Magnoliaceae

Liriodendron tulipífera L.

NOMES VERNÁCULOS: tulipeiro, tulipero de Virginia, árbol de las tulipas, tulipífero americano.

ORIXE: leste de Norteamérica.

DISTRIBUCIÓN: frecuente en parques e xardíns do norte da Península Ibérica.

DESCRICIÓN: árbore de folla caduca que medra rápido e acada os 45-65 m de altura. Cortiza acastañada con gretas nos exemplares de certa idade. Grandes follas pedunculadas e con



catro lóbulos, verde-escuros e co envés máis claro; no outono tornan a cores amarelas. Flores que lembran os tulipáns, de cor verde-esbrancuxada, coa base alaranxada; medran solitarias no ápice de cada póla. O froito é unha infrutescencia cónica de cor parda-clara.

USOS: gran valor ornamental pola súa floración e a cor das follas no outono. É unha das máis grandes plantas para as abellas melíferas, dando un mel forte e de cor vermella-escura. A madeira é de moi boa calidade e fácil de traballar. Da cortiza extráese a “tulipirefina”, alcaloide estimulante do corazón e o sistema nervioso.

FAMILIA: *Lauraceae*.

Laurus nobilis L.

NOMES VERNÁCULOS: loureiro, laurel.

ORIXE: esténdese por toda a área mediterránea, ata Asia Menor.

DISTRIBUCIÓN: espontáneo en Galicia, sendo unha especie sucesoria dos bosques de laurisilva do terciario. Na illa de “Cortegada” existe un pequeno bosque de loureiros, único en Europa.

DESCRICIÓN: pequena árbore de folla perenne, dioica, con pés machos ou femias, acada os 5 a 10 m de altura. Cortiza agrisada e lisa, copa densa e dun verde moi escuro. Follas coriáceas de 5 a 10 cm de lonxitude, coa marxe enteira algo ondulada, face de cor verde-escuro e envés máis pálido. Posúen células oleíferas que lles confiren o seu característico arrecendo. Florece entre marzo e



abril, as flores son unisexuais debido ó aborto das estruturas dun dos sexos; amarelas e agrupadas en inflorescencias de catro a seis flores. O froito é unha baga ovoide e negra, denominada “lorbaga” (do latín “lauri baca”), que madura no comezo do outono pero que pode permanecer na árbore ata xaneiro. As sementes son diseminadas polas aves.

USOS: especie leñosa de gran valor histórico. A rama de loureiro é símbolo do triunfo nas culturas mediterráneas e con ela coroábanse os heroes e os poetas. Os estudantes na antigüidade recibían unha rama de loureiro con froitos (de aquí deriva a palabra

bacharelato: “bacca laureatus”). Cultivada nos xardíns como árbore ornamental e tamén polas súas follas, utilizadas como condimento en culinaria, e polas súas propiedades medicinais, coñecidas dende a antigüidade, tales como tónico estomacal, carminativas e emenagogas. Tamén en forma de ungüento resulta eficaz contra a reuma. A madeira, moi dura, é de utilidade en marquetaría e exhala un agradable arrecendo.

FAMILIA: *Platanaceae*.

Platanus hispanica Miller ex Münchh.

NOMES VERNÁCULOS: plátano, plátano de sombra.

ORIXE: de acordo con algúns autores, os plátanos de sombra proveñen do cruce entre *Platanus orientalis*, do suroeste asiático, e *Platanus occidentalis*, da zona atlántica dos Estados Unidos. Esta hibridación suponse que se produciu en España, no século XVII, de aí o seu nome latino.

DISTRIBUCIÓN: pódese atopar por toda Galicia, ó ser cultivada e ocasionalmente naturalizada.

DESCRICIÓN: árbore caducifolia de ata 35 ou 40 m. Tronco groso e dereito coa cortiza acastañada, que se desprende en placas e deixa ver manchas amareladas ou abrancazadas da cortiza interna. Follas grandes, cun longo pecíolo, de tres a cinco lóbulos triangulares e con forma de corazón na base, face de cor verde viva e envés máis claro. Florece en abril, ó mesmo tempo que aparecen as follas, e é polinizada coa axuda do vento. Flores unisexuais, moi pequenas e de cor amarela ou verdosa, agrupadas en amentos esféricos colgantes; os amentos con flores femininas son de maior tamaño. Froitos de cor parda, agrupados nunha infrutescencia globosa e colgante de 25 a 30 mm de diámetro, que permanece na árbore durante o inverno.

USOS: moi utilizado con fins ornamentais nas cidades, por ter unha agradable sombra, ser resistente á polución e soportar ben a poda. A madeira, dura e resistente, é adecuada para ebanistaría, para elaborar xoguetes e ferramentas e para o contrachapeado.



FAMILIA: *Hamamelidaceae*.

Liquidambar styraciflua L.

NOMES VERNÁCULOS: liquidámbar, árbol del ámbar.

ORIXE: sur dos Estados Unidos, México e Guatemala.

DISTRIBUCIÓN: como árbore sementada ten unha distribución moi extensa.

DESCRICIÓN: árbore monoica que polo normal chega ata os 10-15 m de altura, e na natureza pode ser maior (de 20 a 35 m). Copa piramidal, cando é nova, e cortiza moi fendida. Follas caedizas e similares ás do freixo, coa face verde escura e o envés máis pálido, que mudan de cor no outono. Florece de marzo a maio; as flores femininas sitúanse en inflorescencias colgantes e as masculinas en acios erectos. O froito é espiñento e está composto por moitas pequenas cápsulas.

USOS: popular árbore ornamental polas súas intensas cores outonais. Madeira de mala calidade, que se usa para facer pasta de papel. A resina, chamada “estoraque”, é unha goma con poucas propiedades terapéuticas e cheiro a ámbar gris, de aí o nome da árbore. Foi empregada como bálsamo pulmonar, contra a ciática, contra a debilidade nerviosa, etc. Mesturada co tabaco era fumada na corte dos emperadores mexicanos.



FAMILIA: *Fagaceae*.

Castanea sativa Miller

NOMES VERNÁCULOS: castiñeiro, castaño.

ORIXE: sueste de Europa e Asia Menor. Non é unha árbore autóctona de Galicia. O seu espallamento parece ser anterior á chegada dos romanos.

DISTRIBUCIÓN: ben distribuído por toda Galicia, sendo máis abundante no oriente ourensán e sur de Lugo.

DESCRICIÓN: o castiñeiro e moi lonxevo, ten a folla caduca e chega ós 30 m de altura. O tronco groso e dereito e coa cortiza pardo-agrisada, lisa cando a árbore é nova; coa idade torna agretada cunha cor acastañada-escura. Follas cun curto pecíolo, forma de lanza e bordo aserrado,



face verde-escura e envés algo máis pálido. No outono as follas tornan a unha cor amarela e antes de caeren a pardo-escuro. Florece en maio-xuño, as flores son de cor amarelenta. As flores masculinas dispóñense en amentos e as femininas en grupos de tres, ó pé das inflorescencias masculinas. O froito é comestible, a castaña, con forma globosa e de cor parda-avermellada. As castañas maduran entre setembro e novembro; atópanse agrupadas en número de 2 a 3 nunha cúpula espiñenta, o ourizo, que se abre na madurez por varias valvas.



USOS: cultívase dende hai miles de anos pola madeira e polos froitos, as castañas, que no norte de España foron a base da alimentación para as persoas e os seus animais ata que se comezou a cultiva-la pataca. Se cadra por iso se celebra a colleita co magosto nos primeiros días de novembro. Tamén se emprega

como ornamental e como medicinal, pois as follas e a cortiza teñen propiedades astrinxentes.

Fagus sylvatica L.

NOMES VERNÁCULOS: faia, haya.

ORIXE: centro e oeste de Europa.



DISTRIBUCIÓN: en Galicia é moi escasa. Podemos atopala nuns poucos lugares da provincia de Lugo, como por exemplo no “Faial de Fontefermosa” en Pedrafita do Cebreiro, na “Devesa da Rogueira” no Caurel e, nos Ancares.

DESCRICIÓN: árbore caducifolia de ata 35-40 m de altura. Cortiza lisa e gris. Follas de cor verde-escura, máis pálidas no envés, dispostas en horizontal, de xeito que non deixan pasa-los raios do sol; por iso nos faiais medran poucas plantas baixo as árbores. As flores saen ó mesmo tempo cás follas, en abril ou maio, e son unisexuais; é dicir, son masculinas, agrupadas en amentos colgantes, de cor amarela, ou son femininas, de cor verde e agrupadas no extremo dos brotes. O froito é o faiuco, que se dispón en grupos de 1 a 3, pechados nunha cúpula cuberta de pelos. É comestible e madura entre setembro e outubro.

USOS: seleccionáronse varios cultivares ornamentais. A madeira é apreciada en carpintaría, ebanistaría e para fabricar parques. Do froito extraíase un aceite empregado na cociña no norte de Europa. Á cortiza atribúenselle propiedades antifebrífugas e astrinxentes. Coa brea extraída da madeira combatíase a tuberculose e tamén se empregaba como antiséptico e desinfectante.

*Quercus ilex* L.

NOMES VERNÁCULOS: aciñeira, encina, carrasca.

ORIXE: rexión Mediterránea.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é máis ben escasa; atopámola nas zonas de clima mediterráneo da provincia de Ourense e Lugo.

DESCRICIÓN: árbore ou mato perenne moi lonxevo, chega a acadalos 25 m de altura. O tronco ten a cortiza cincenta moi escura e moi gretada nos exemplares de certa idade. A aciñeira ten a copa de

forma arredondada e follas de pequeno tamaño, coriáceas, con forma variable, de elípticas a ovadas, marxe espiñenta ou lisa e cor verde-escura no face, envés máis claro e agrisado. Florece entre abril e maio. As flores son unisexuais; as masculinas en amentos péndulos de cor amarela e as femininas solitarias ou en grupos de dous sobre un pequeno pedúnculo. O froito é unha landra de cor acastañada-escura e forma ovoide, que madura entre outubro e novembro.



USOS: as landras da aciñeira son as máis doces. Noutras zonas da Península Ibérica empréganse na alimentación dos porcos e asadas na alimentación humana. A madeira é moi dura e imputrescible; emprégase na construción, para elaborar carbón vexetal, etc. A súa leña é moi bo combustible. A cortiza, como a do resto dos *Quercus*, ten propiedade astrinxente ó ser rica en “taninos”; en Marrocos úsana para curti-lo coiro.

Quercus robur L.

NOMES VERNÁCULOS: carballo común, roble común.



ORIXE: Europa e Asia occidental.

DISTRIBUCIÓN: é a árbore máis típica de Galicia. Distribúese espontánea por tódalas provincias galegas.

DESCRICIÓN: árbore caducifolia que pode acadar ata 40 m de altura. Cortiza lisa e agrisada nos pés novos, co tempo torna gretada e apardazada. Follas cun curto pecíolo e con lóbulos de cor verde-escura; máis pálidas no

envés e acastañadas no outono. As flores son unisexuais e medran entre abril e maio; as masculinas sitúanse en amentos colgantes verde-amarelentos, as femininas solitarias ó final dun longo pedúnculo. O froito é unha landra pedunculada, ovoide e de cor acastañada, que madura no outono.

USOS: ornamental, existen algunhas variedades. A leña e a madeira son moi boas; a leña ó ter un elevado poder calorífico e a madeira por ser de excepcional calidade. A cortiza contén “taninos” e por iso se pode empregar para curtir peles.

Quercus rubra L.

NOMES VERNÁCULOS: carballo americano, roble americano.

ORIXE: leste de Norteamérica.

DISTRIBUCIÓN: pódese atopar por toda Galicia ó ser moi empregado nas repoboacións forestais; ás veces pode aparecer naturalizado.



DESCRICIÓN: árbore caducifolia de 25 m ate 43 m de altura. Tronco de cortiza lisa e gris nos exemplares novos, escurecendo e agretando nos maduros. Follas grandes, con pecíolo e con 4-5 pares de lóbulos angulares co extremo máis ou menos espiñento; cor verde-escura que torna a vermello no outono. Florecen a mediados da primavera, sendo polinizados polo vento. Flores unisexuais; as masculinas agrupadas en feixes de amentos colgantes, as femininas son pequenas, agrupadas

por pares, pedunculadas e de cor vermella. O froito é unha landra de 2-3 cm, ovoide, de cor acastañada-agrisada e situada sobre un pequeno pedúnculo.

USOS: a madeira emprégase en construción, carpintaría e ebanistaría. Árbore con moito valor forestal, menos esixente e de crecemento máis rápido cás especies autóctonas. A coloración das follas no outono confire a este carballo un grande atractivo para o seu uso ornamental.



Quercus suber L.

NOMES VERNÁCULOS: sobreira, corticeira, cortizo, alcornoque.

ORIXE: rexión mediterránea occidental.



DISTRIBUCIÓN: especie autóctona que atopamos nas zonas máis cálidas das rías, onde non é moi abundante, e que se estende cara ó interior e cara ó sur polos vales fluviais. Polo río Sil chega ata o Bierzo. Polo norte podemos atopala na desembocadura do río Eume.

DESCRICIÓN: árbore robusta de ata 25 m de altura, co tronco curto, groso e dereito. Cortiza agrisada, agretada, que ó descortizar pasa de vermella a anegrazada. Follas de 2,5 a 10 cm de lonxitude, persistentes e coriáceas, co bordo enteiro ou dentado-espiñento. Face de cor verde-escura e envés esbrancuxado. Florece entre maio e

xuño, pero pode prolongarse ata o outono. Sérvese do vento para a súa polinización. As flores son unisexuais; as masculinas agrupadas en amentos colgantes e as femininas solitarias ou en pequenos grupos. O froito é unha landra ovoide, de cor acastañada-avermellada, que madura entre setembro e xaneiro.

USOS: a cortiza úsase na fabricación de rollas, tapóns, cortizos tradicionais, etc. As landras son un bo alimento para o gando. A leña e o carbón son de boa calidade. No ano 1667 o científico R. Hooker descubriu na cortiza a estrutura celular dos seres vivos.



FAMILIA: *Salicaceae*.

Populus x canadensis Moench

NOMES VERNÁCULOS: chopo canadense, lamagueiro do Canadá, álamo mouro, chopo del Canadá.



ORIXE: grupo moi polimorfo de híbridos obtidos ó mesturar *Populus deltoides* e *Populus nigra*.

DISTRIBUCIÓN: ornamental e en repoboacións forestais por todo o mundo.

DESCRICIÓN: árbore caducifolia, dioica, con pés machos ou femias, de ata 25-30 m de altura. Tronco dereito cunha cortiza que co tempo fende ó longo; de cor gris ou pardo- agrisada. Follas grandes, verdes, de forma triangular, base con forma de corazón e bordo dentado. Floración nos meses de febreiro a marzo (antes de apareceren as follas) e o vento é o que axuda na súa polinización. Flores unisexuais

agrupadas en amentos colgantes. O froito é unha cápsula.

USOS: fins ornamentais e, ó medrar rapidamente, para a produción de madeira. Emprégase para carpintaría e para elaborar pasta de papel.



FAMILIA: *Tamaricaceae*.

Tamarix gallica L.

NOMES VERNÁCULOS: tamargueira, tamarxeira, taray, taraje.

ORIXE: oeste da rexión Mediterránea, norte de África e Illas Canarias.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é unha árbore sementada ou naturalizada; podemos atopala nas costas das provincias da Coruña e Pontevedra.



DESCRICIÓN: árbore ou mato caduco de ata 6-8 m de altura. Cortiza agretada e de cor parda, pólas delgadas e flexibles. Follas como escamas, moi pequenas e de cor verde-azulada, dispostas en forma helicoidal e cubríndose unhas ás outras como tellas. As flores son hermafroditas, moi pequenas, cor branca ou rosa e dispostas en densos acios; desenvólvense ó mesmo tempo cás follas, en abril ou xuño. O froito é unha cápsula

de 3 caras, de cor rosa-clara e contén varias sementes que teñen un longo penacho de pelos.

USOS: moi empregado como árbore ornamental en zonas litorais, xardíns ou beiras de estradas, ó ser moi resistente á salinidade e á polución. A cortiza e as follas en infusión empréganse como astrinxente; a cortiza da raíz emprégase como diurético, sudorífico e aperitivo.



FAMILIA: *Tiliaceae*.

Tilia americana L.

NOMES VERNÁCULOS: tileiro americano, tilo americano.

ORIXE: leste de Norteamérica, nordeste de Estados Unidos e sueste de Canadá.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é unha árbore utilizada como ornamental.

DESCRICIÓN: árbore de tamaño mediano que pode acadar ata os 30 m de altura. Cortiza fendida e de cor gris ou acastañada. Follas caducas de 10 a 15 cm de lonxitude, con forma de corazón e bordo dentado, face verde-escura e envés algo máis pálido. Florece en xuño e xullo; as flores están dispostas en inflorescencias colgantes nas axilas das follas, sostidas por unha bráctea. Froito leñoso e seco, pequeno e con forma de globo.

USOS: ten moitos usos medicinais. O máis coñecido é o emprego da infusión de flores ou follas como un analxésico chamado “tila”.



FAMILIA: *Ulmaceae*.

Celtis australis L.

NOMES VERNÁCULOS: Iodoeiro, lidueiro, lodón bravo, almez.



ORIXE: rexión Mediterránea.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia atopámolo cultivado ou naturalizado, en zonas con clima mediterráneo, sendo abundante na cidade de Ourense.

DESCRICIÓN: moi lonxevo, chega a acadar 20 m de altura. Tronco dereito e curto, de cortiza lisa e cincenta. Follas caducas, simples, pecioladas, forma lanceolada, rematadas en punta aguda retorcida e co bordo dentado, cor verde-escura na face e máis pálidas no envés. É unha árbore “androdioica”, é dicir, uns individuos só teñen flores unisexuais masculinas, mentres que outros teñen flores

hermafroditas. Flores solitarias ou en pequenas inflorescencias, amarelentas e cun longo pedúnculo; aparecen en abril ou maio ó mesmo tempo que saen as follas. O froito é unha pequena cereixa comestible de sabor doce; ten cor verde e torna negra ó madurar a finais do verán ou primeiros do outono.

USOS: moi sementada con fins ornamentais ó ter moita resistencia á polución. A madeira é elástica, hidrófuga e duradeira; ten utilidade para fabricar remos, utensilios agrícolas, sendo ademais bo combustible. O froito e as follas presentan propiedades astrinxentes, antihemorráxicas e antidiarreicas.



Ulmus minor Mill.

NOMES VERNÁCULOS: ulmeiro, olmo, negrillo.

ORIXE: norte de África, suroeste de Asia e Europa.

DISTRIBUCIÓN: é unha especie que foi sementada dende tempos moi antigos, por iso non se coñece ben a súa orixe no país. Medra espontáneo nalgúns ríos de Galicia.



DESCRICIÓN: árbore de ata 20-30 m de altura e porte arredondado. Cortiza lisa e de cor acastañada-agrisada, moi fendida e máis escura cos anos. Algunhas pólas presentan cortiza coma a das sobreiras, formando cristas lonxitudinais. As follas son caducas e de cor verde-intensa, teñen un curto pecíolo, forma ovada, bordo aserrado e rematan en punta. Flores moi

pequenas de cor verde, que se agrupan en inflorescencias a principios da primavera. O froito é unha pequena semente con unha á que o rodea.

USOS: sementada como ornamental. A súa madeira foi moi apreciada, pero dende comezos do século pasado por mor da “grafiose”, unha enfermidade producida por un fungo, é unha especie moi escasa.



FAMILIA: *Theaceae*.

Camellia japonica L.

NOMES VERNÁCULOS: camelia, camelio común.

ORIXE: Asia oriental.

DISTRIBUCIÓN: empregada como ornamental dende hai centos de anos no Oriente. Traída a Europa polos misioneiros xesuítas; en Galicia a súa presenza remóntase a principios do 1800.

DESCRICIÓN: arbusto ou pequena árbore de folla perenne, medra paseniño acadando os 5-10 m de altura. Follas verde-escuras, máis pálidas no envés, con pedúnculo, textura de coiro, beiras dentadas e rematadas en punta. As flores son grandes e medran solitarias no ápice de cada póla. A cor e a data da floración varían segundo a

variedade: a cor vai do branco ó vermello, pasando polo rosa, e a floración pode darse no outono, inverno ou a comezo da primavera. O froito é unha cápsula esférica que protexe as sementes; algunhas variedades non o producen.

USOS: mato de gran valor ornamental pola súa floración; é moi popular en todo o mundo. Existen máis de 2000 variedades diferentes e cada ano aumenta este número ó apareceren outras novas. Das súas sementes

extráese un aceite, o aceite de té ou aceite de camelia, que retén a humidade e se empregou como acondicionador do cabelo e para trata-la pel. As xaponesas

empregano para tinxi-lo cabelo e na China é o principal aceite de cociña nalgunhas das súas provincias.



FAMILIA: *Aquifoliaceae*.

Ilex aquifolium L.

NOMES VERNÁCULOS: acivro, acebo.

ORIXE: Europa, norte de África e oeste de Asia.

DISTRIBUCIÓN: é unha especie autóctona, máis abundante na parte oriental de Galicia, onde chega a formar pequenos bosques: Serra de San Mamede, Os Ancares, O Caurel, etc. Non é rara a súa presenza no resto do país en zonas sombrías de bosques caducifolios.

DESCRICIÓN: pequena árbore de folla perenne, dioica, con pés machos ou femias. Alcanza os 15 m nos individuos máis vellos e normalmente non supera os 5 ou 8 m. Cortiza lisa de cor agrisada e copa baixa, de forma cónica, moi ramalluda. Follas de 6 a 8 cm de lonxitude, persistentes, coriáceas, co bordo ondulado e espiñento. A cor é verde escura, brillante na face, máis pálida no envés. Florece entre abril e maio; as pequenas flores son de cor branca e están situadas nas axilas das follas. O froito é de cor vermella, ten de 7 a 8 mm de diámetro; aseméllase a unha baga e madura a mediados do outono ou no inverno.

USOS: fins ornamentais, especialmente no Nadal, por iso está prohibida a colleita de pés e pólas, así como a comercialización de exemplares silvestres. A madeira é moi apreciada para o traballo do torno e a ebanistaría. Tamén tivo certa utilidade en medicina popular: as follas como diurético e laxante, a cortiza como febrífuga, os froitos como purgante e, en grandes doses, como vomitivo. Ten un importante valor ecolóxico por ser refuxio e reserva de alimento invernal para moitos animais.



FAMILIA: *Ericaceae*.

Arbutus unedo L.

NOMES VERNÁCULOS: érbedo, albedro, esbedro, madroño.

ORIXE: rexión mediterránea e costa atlántica do sur de Europa.

DISTRIBUCIÓN: espontánea nas zonas cálidas e bacías dos ríos de toda Galicia.

DESCRICIÓN: arbusto ou pequena árbore de folla perenne que poder chegar ata os 10 m de altura. Tronco curto con cortiza parda-avermellada, agretada e caediza cando é vella. Follas algo coriáceas, co bordo dentado, de cor verde-escura, máis claras no envés. Florece no outono ou ó principio do inverno, sendo os insectos os que axudan na



polinización. As pequenas flores son hermafroditas e de cor branca-verdosa, agrupadas en inflorescencias colgantes. O froito é unha baga comestible de cor vermella-escura que en Ourense é chamado morogo, madura en novembro ou decembro do ano seguinte, coincidindo coa nova floración.

USOS: empregada con fins ornamentais. Os froitos serven para elaborar licores, aromatizar augardentes e preparar marmelada. As follas e a cortiza son astrinxentes e como tal combaten diarreas e disentería. As follas tamén teñen propiedades antisépticas. A madeira tense utilizado no traballo do torno.



FAMILIA: *Pittosporaceae*.

Pittosporum tenuifolium Gaertn.

NOMES VERNÁCULOS: pitósporo de hojas tenues.

ORIXE: nativo de Nova Zelandia.

DISTRIBUCIÓN: en xardíns.

DESCRICIÓN: pequena árbore que acada os 10 m de altura. Cortiza de tronco lisa e gris-escura. Follas ovaladas e perennes, duns 6 cm de lonxitude, coa marxe ondulada e cor verde-clara. Pequenas flores que saen a finais da primavera; dispóñense solitarias ou en inflorescencias nas axilas das follas e teñen cor púrpura moi escura. O froito é unha pequena cápsula verde e arredondada, negra ó madurar.

USOS: árbore ornamental da que existen no mercado varios cultivares con diferentes cores nas follas.



FAMILIA: *Rosaceae*.

Cotoneaster horizontalis Decne.

NOMES VERNÁCULOS: cotoneaster, griñolera, espiña de pescado

ORIXE: oeste da China.



DISTRIBUCIÓN: en parques e xardíns.

DESCRICIÓN: mato que estende as súas pólas na horizontal e como moito acada o metro de altura. As follas son ovaladas, caducas ou semicaducas, de pequeno tamaño e cor verde-escura, co envés

piloso. Flores pequenas, rosas ou brancas, saen nas axilas das follas en maio-xuño. O froito é unha baga vermella e venenosa, que madura a partir do mes de agosto e permanece moito tempo nas pólas.

USOS: mato ornamental empregado para tapizar superficies, facer bonsais ou en sebes.

Crataegus monogyna Jacquin

NOMES VERNÁCULOS: estripeiro, escambrón, majuelo, espino albar.

ORIXE: Europa.

DISTRIBUCIÓN: campos e montes de toda Galicia.

DESCRICIÓN: pequena árbore caducifolia que como moitas rosáceas ten espiñas; acada os 4-10 m de altura. Cortiza agretada e de cor parda-alaranxada. As follas son pequenas e de cor verde-escura, máis pálidas no envés, con lóbulos irregulares en número variable, aserradas no bordo e cun longo pecíolo. Florece nos meses de abril e maio; as pequenas flores teñen un arrecendo moi agradable, son hermafroditas, cos pétalos brancos e dispostas en pequenas inflorescencias. O froito é vermello e semella unha pequena cereixa, madura entre setembro e outubro, permanecendo na árbore no inverno, polo que é un recurso trófico para moitos animais na estación da escaseza.



USOS: ornamental, existindo varios cultivares e híbridos con outros arbustos do mesmo xénero. Tamén se emprega como patrón rústico para enxertar froiteiras da mesma familia e para facer sebes que pechen as fincas.

Malus floribunda Van Houtte.

NOMES VERNÁCULOS: maceira de flor, manzano silvestre japonés.

ORIXE: Xapón.

DISTRIBUCIÓN: árbore ornamental moi empregada en todo tipo de parques e xardíns.

DESCRICIÓN: pequena árbore de folla caduca, acada os 3-5 m de altura. Follas ovais coa base arredondada e coas beiras dentadas, face de cor verde-escura e envés máis pálido.



Espectacular floración na primavera, coas pólas aínda espidas e pequenas flores de cor vermella e rosa, dispostas en acios. Froitos no verán, esféricos e de cor amarela.

USOS: é unha das máis fermosas maceiras ornamentais pola cor das flores na primavera, dos froitos no verán e das follas no outono.

Prunus laurocerasus L.

NOMES VERNÁCULOS: loureiro real, loureiro romano, falso loureiro, laurel cerezo, lauroceraso.

ORIXE: sueste de Europa e suroeste de Asia.

DISTRIBUCIÓN: pódese atopar en parques e xardíns e as veces salvaxe na natureza, sendo considerada unha planta invasora, pois as aves comen os froitos e a dispersan.

DESCRICIÓN: pequena árbore perenne que acada os 10 m de altura. A copa é arredondada e a lisa cortiza ten cor parda-agrisada. As follas son grandes, lanceoladas, brillantes, coa marxe lisa e de cor verde-escura, máis claras no envés. Florece nos meses de abril e xuño; as flores



son de cor branca e dispóñense en acios erectos, ó seren polinizadas tornan en froitos parecidos ás cereixas e de cor vermella, que na madurez escurecen.

USOS: árbore con valor ornamental cultivada nas zonas temperás de Europa. As follas empregáronse como antiespasmódico, narcótico ou sedante, pero son venenosas para o homes e os animais.

Prunus serrulata Lindley

NOMES VERNÁCULOS: cerdeira do Xapón, cerezo japonés.

ORIXE: leste de Asia, Xapón, Corea e China.

DISTRIBUCIÓN: moi empregada como árbore ornamental.

DESCRICIÓN: pequena árbore de folla caduca de 8 a 12 m de altura, pode chegar ata os 20 m. Cortiza acastañada ou agrisada,



follas arredondadas, de marxe simple ou dobremente aserrada e de cor verde-escura, vermellas no outono. Flores brancas ou rosadas en acios, que aparecen ó mesmo tempo cás follas, en abril ou maio. O froito é unha cereixa de cor escura, non comestible.



USOS: en Xapón está considerada como emblema nacional e forma parte do patrimonio do país. A súa floración é un dos eventos máis esperados ó inicio da primavera. É unha árbore de gran valor ornamental e moi cultivada.

Prunus spinosa L.

NOMES VERNÁCULOS: abruñeiro, bruño, ameixeira brava, endrino, ciruelo silvestre.

ORIXE: Europa e oeste de Asia.

DISTRIBUCIÓN: atopámola por toda Galicia pero é máis abundante na beiramar.

DESCRICIÓN: arbusto espiñento de folla caduca que acada os 4 m de altura. Forma grandes matos ó producir novos brotes pola raíz. A cortiza tena lisa e de cor parda-escura. As follas son de cor verde-escura, forma oval lanceolada, cun curto pecíolo, bordo aserrado e co ápice rematado en punta. Florece entre marzo e abril antes de que lle saian as primeiras follas, sendo as flores pequenas e de cor branca. O froito é unha pequena drupa globosa chamada abruño; madura entre setembro e outubro, ten cor azul-escura e sabor acedo.



USOS: en Navarra o abruño mestúrase con anisete para elaborar “patxarán”. En Galicia fanse licores ó mesturalos con augardente. Dende a antigüidade coñécenselle virtudes medicinais: as flores e follas teñen propiedades lixeiramente laxantes e diuréticas, o froito é moi astringente. Desenvolvéronse variedades de uso agronómico.

Prunus subhirtella Miq.

NOMES VERNÁCULOS: cerdeira de flor, cerezo de flor, cerezo de primavera.

ORIXE: nativa do Xapón.

DISTRIBUCIÓN: moi sementada como ornamental.

DESCRICIÓN: mediana árbore de folla caduca de ata 10 m de altura. Follas ovaladas ou ovado-lanceoladas, simples, coa marxe aserrada e de cor verde-escura, amarelas no outono.



Flores en acios, que poden ser de cor branca ou rosa, e que aparecen antes das follas (a finais de marzo ou abril). O froito é unha cereixa de cor escura.

USOS: as cerdeiras de flor en Xapón están consideradas emblema nacional e forman parte do patrimonio do país. A súa floración é un dos eventos máis esperados ó inicio da primavera: a festa do “Hanami”.



Sorbus aucuparia L.

NOMES VERNÁCULOS: capudre, cancereixo, cornabude, escornabois, serbal de los cazadores.

ORIXE: Europa, centro e norte de Asia.



DISTRIBUCIÓN: citado en tódalas provincias de Galicia, é máis abondoso nas montañas orientais e meridionais de Galicia: Macizo Central e Oriental Ourensán, O Caurel, Ancares.

DESCRICIÓN: árbore pequena de 8-15 m e forma cónica. Cortiza agrisada, lisa cando novos e agretada ó medraren. Follas caducifolias, duns 20 cm e compostas duns 15 folíolos, con forma de lanza, dentados e de cor verde-escura, envés verde-azulado. As flores son moi pequenas e de cor

branca, agrúpanse en inflorescencias que saen a finais da primavera, entre maio e xuño. O froito é pequeno, arredondado e vermello-

alaranxado; madura entre setembro e outubro, e persiste na árbore durante parte do inverno.

USOS: estimada como ornamental, existindo moitos cultivares. A madeira tense empregado para fabricar ferramentas. O froito e a cortiza teñen propiedades astrinxentes, o froito é ademais anti-escorbútico. As follas e a cortiza conteñen “taninos” e empréganse para curti-las peles. O froito é buscado por gran cantidade de aves, para as que supón un importante alimento invernal; para os homes cru é venenoso. Cos froitos obtense unha augardente usada na elaboración dos bos vodkas rusos.



FAMILIA: *Fabaceae*.

Albizia julibrissin (Willd.) Durazz.

NOMES VERNÁCULOS: acacia de Constantinopla, acacia persa, árbol de la seda.

ORIXE: sueste e leste de Asia, dende Irán ata a China e Corea.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia só se pode atopar sementada.

DESCRICIÓN: pequena árbore caducifolia que acada os 8-12 m de altura. Tronco coa cortiza lisa de cor parda-escura. As follas



son compostas de 20 a 40 cm de longo, con 6-12 pares de pinnas, subdivididas á súa vez en 20-30 pares de pequenos folíolos de cor verde-escura. As pequenas flores dispóñense en inflorescencias e son moi visibles ó teren grandes e numerosos estames de cor rosa; florece no verán e primeiros do outono. O froito é un legume duns 10-15 cm de longo.

USOS: introducida en Europa a mediados do século XVII como árbore ornamental. En Xapón e Estados Unidos é unha especie invasora. A cortiza empregábase para cura-las feridas e como vermícida.

Cercis canadensis L.

NOMES VERNÁCULOS: ciclamor do Canadá, árbol del amor americano.



ORIXE: leste de Norteamérica.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é unha árbore ornamental.

DESCRICIÓN: pequena árbore de folla caduca que chega a acadalos 6-10 m de altura. Tronco de cortiza lisa e cor acastañada-escura. Follas en forma de corazón, cor verde-escura, máis pálidas no envés e bordos enteiros; diferéncianse das do *C. Siliquastrum* en que rematan en

punta e son un pouco máis pequenas. As flores son pequenas e con pétalos cor rosa; dispóñense en inflorescencias que aparecen de marzo a maio antes de que saian as follas. O froito é un legume aplanado, seco, de cor acastañada, duns 7,5 cm de lonxitude, que contén sementes planas de cor acastañada.

USOS: árbore ornamental da que existen no mercado varios cultivares. Os indios americanos comían as flores crúas ou fervidas e as sementes tostadas.

Cercis chinensis Bunge

NOMES VERNÁCULOS: ciclamor da China, cercis arbustivo.

ORIXE: centro de China.

DISTRIBUCIÓN: parques e xardíns.

DESCRICIÓN: pequena árbore moi parecida ás outras do xénero. Chega ós 3,5 m de altura. Follas caducifolias, alternas, con forma de corazón e cor verde. Flores moi numerosas de cor rosa, púrpura ou violeta, aparecen de marzo a abril antes de que saian as follas. O froito é un legume plano con varias sementes.



USOS: árbore e mato ornamental, estimado pola súa floración.

Cercis siliquastrum L.

NOMES VERNÁCULOS: árbore do amor, ciclamor, algarrobo loco, árbol del amor, árbol de Judas.

ORIXE: sur de Europa e Asia.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é moi empregado con fins ornamentais.

DESCRICIÓN: pequena árbore de folla caduca de 4 a 5 m de altura. Tronco de cortiza lisa, moura e copa irregular, cunha certa forma de parasol. Follas arredondadas de 7 a 12 cm de lonxitude, de cor verde na face e glaucas no envés. Pequenas flores de cor rosa e dispostas en acios, que aparecen en marzo ou abril ó longo das pólas, antes de que saian as follas. O legume permanece na árbore moito tempo, é de cor acastañada-vermella, de 6 a 10 cm de lonxitude e contén moitas sementes.



USOS: boa para usos ornamentais ó ser resistente á seca, ós solos con cal e ó soportar ben a calor do verán e o frío do inverno. En ocasións utilízase como mato ornamental pola súa follaxe, con moitas pólas dende o solo.



Sophora japonica L.

NOMES VERNÁCULOS: sófora, acacia do Xapón, árbol de las pagodas.



ORIXE: China, Corea.

DISTRIBUCIÓN: cultivado en América, Xapón (onde foi descrito para a ciencia) e Europa. En España é empregada como árbore ornamental dende o século XVIII.

DESCRICIÓN: árbore de folla caduca que medra paseniño, ata chegar a unha altura de entre os 5 e os 20 m. Copa ampla e tronco recto coa cortiza rugosa, fendida e escura. Follas compostas de 15 a 20 cm de lonxitude, con 11 a 13 folíolos aguzados verde-escuros na face e glaucos no envés. As flores saen ó fin do verán, cando xa

rematou a floración da maior parte das outras árbores; arrecenden moi ben e están dispostas en acios terminais. Son de cor branca-crema, pequenas e moi visitadas polas abellas. O froito é un legume de cor verde e de gran tamaño, de 5 a 8 cm de lonxitude, que permanece bastante tempo na árbore.

USOS: ornamentais; emprégase como árbore de aliñación e en xardíns, ó ser rústica, ter boa sombra, aturar ben a friaxe, a calor e as podas fortes. Tódalas partes da planta conteñen un principio purgante tan activo que mesmo ó tornea-la madeira se poden padecer cólicos.



FAMILIA: *Proteaceae*.

Grevillea lanigera A.Cunn. ex R.Br.

ORIXE: Vitoria e Nova Gales do Sur en Australia

DISTRIBUCIÓN: sementada en Europa dende 1792.

DESCRICIÓN: mato de formas arredondadas e perenne, que chega a pasar do metro de altura. Pequenas follas peludas de cor verde-agrisada. As flores son de cor vermella ou rosa e branco, poden medrar en calquera data do ano pero principalmente ó final do inverno e comezos da primavera.



USOS: mato ornamental cunhas cantas variedades que acadan diferentes formas ó medraren.

FAMILIA: *Cornaceae*

Cornus sanguinea L.

NOMES VERNÁCULOS: sangomiño, árbore da rabia, cornejo.



ORIXE: Europa e Asia occidental.

DISTRIBUCIÓN: oriente das provincias de Ourense e Lugo.

DESCRICIÓN: arbusto caducifolio, que acada entre os 2 e os 4 m de altura. Cortiza parda con pequenas estrías; a das pólas é de cor vermella coma o sangue e de aí lle vén o nome de sangomiño. Follas ovaladas e

pecioladas, de cor verde-intensa na face e máis pálidas no envés, que no outono tornan a cor vermella. Flores hermafroditas, brancas, pequenas e agrupadas en inflorescencias que en primavera saen do extremo das pólas. O froito é unha drupa globosa de cor negra ou vermella, que madura no outono.

USOS: ornamental; a madeira ten utilidade en cestería e tornaría. Os froitos e a cortiza son febrífugos, pois conteñen ácido salicílico. O nome de árbore da rabia alude a unha suposta virtude antirrábica. A cortiza é utilizada como purgante, depurativo e antirreumático; tamén se empregou para curti-lo coiro ou cocida contra a sarna.

FAMILIA: *Rhamnaceae*.

Ceanothus thyrsiflorus Eschsch.

NOMES VERNÁCULOS: lilo de California, ceanoto.



ORIXE: endémico de California e Oregón.

DISTRIBUCIÓN: parques e xardíns.

DESCRICIÓN: mato ou pequena árbore perenne que no seu hábitat orixinal chega ós 6 m de altura, existindo variedades ornamentais tapizantes que non pasan dos 0,5 m. As follas son de cor verde-escura, brillantes, pequenas, de forma oval e

marxe dentada. Florece na primavera e as pequenas flores saen en inflorescencias de cor azul, raramente brancas. Sementes dentro de cápsulas.

USOS: ornamental da que se teñen desenvolvido varias variedades, sendo unha das especies do xénero máis sementada.



FAMILIA: *Sapindaceae*.

Koelreuteria paniculata Laxm.

NOMES VERNÁCULOS: jabonero de la China, árbol de los farolitos.

ORIXE: leste da China, naturalizado en Corea e Xapón.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia atopámola en parques e xardíns.

DESCRICIÓN: árbore caducifolia de ata 12 m de altura. Forma arredondada e cortiza rugosa, con estrías lonxitudinais e cor acastañada-clara. Follas compostas con 6 ou 9 pares de folíolos, dentados no bordo e de cor verde-escura; tornan amarelas no outono. As pequenas flores de cor amarela medran entre os meses de xullo a agosto, dispóndose en grandes inflorescencias piramidais. O froito é unha cápsula cónica con tres valvas, de cor acastañada-vermellada ó madurar, que contén tres sementes de cor negra.



USOS: ornamental pola beleza da súa follaxe. A floración e os froitos persistentes no inverno. Sementado na China dende hai 3000 anos, en España dende o século XIX. O nome de jabonero de la China venlle por conter “saponina” e producir espuma que se pode empregar para limpar.



FAMILIA: *Hippocastanaceae*.

Aesculus hippocastanum L.

NOMES VERNÁCULOS: castiñeiro de Indias, castiñeiro das bruxas, castaño de Indias.

ORIXE: nunha pequena zona no sueste de Europa, os Balcáns.

DISTRIBUCIÓN: doada de atopar en avenidas, parques e xardíns de toda Galicia.

DESCRICIÓN: acada os 30 m de altura. Copa arredondada e cortiza estriada de cor parda-escura nas árbores maduras. Follas cun longo pecíolo e compostas por 5-7 folíolos, grandes e dentados, de cor verde-escura, que tornan a cores amarelas no outono. Flores amarelo-branquecinas, dispostas en grandes inflorescencias erguidas que medran a finais da primavera. A semente é unha castaña que vai en grupos de tres nun froito espiñento de cor verde que abre por tres valvas.



USOS: moi sementada como árbore de sombra ó estar aclimatada nos países temperáns. O seu nome científico *hippocastanum* quere dicir “castaña de cabalo”, xa que se lle daba de alimento ó gando; polo seu amargor e toxicidade non se emprega para a alimentación humana. Na medicina tradicional empregouse para afeccións do aparato circulatorio; na actualidade os seus principios activos son empregados para elaborar menciñas e xampús.

FAMILIA: *Aceraceae*.

Acer campestre L.

NOMES VERNÁCULOS: pradairo campestre, moscón, arce campestre, arce menor.



ORIXE: grande parte de Europa e suroeste de Asia.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é unha árbore ornamental que se pode atopar naturalizada en Ourense, Ribadeo e Lugo.

DESCRICIÓN: árbore caducifolia que chega ós 10-15 m de altura. Tronco curto e cortiza acastañada, fendida e escamuda cos

anos. Follas con 5 lóbulos e cun longo pecíolo, cor verde-escuro na face e máis pálida no envés; no outono viran a cores amarelas. As pequenas flores saen en maio ó mesmo tempo cás follas; teñen cor verde-amarelenta e agrúpanse en inflorescencias corimbosas. O pequeno froito madura no outono, sendo unha dobre sámara coas ás opostas.

USOS: ornamentais e tamén se emprega a súa madeira que é dura e compacta, moi estimada en carpintaría, ebanistaría e como combustible. A cortiza ten propiedades astrinxentes aproveitadas en cosméticos.



Acer cappadocium Gled.

NOMES VERNÁCULOS: arce de Capadocia, arce del Cáucaso.

ORIXE: Asia, dende a Turquía, polo Cáucaso, o Himalaia ata o suroeste da China.



DISTRIBUCIÓN: en Galicia só se pode atopar en parques e xardíns ó ser unha especie empregada como ornamental.

DESCRICIÓN: árbore de folla caduca que acada alturas de ata 20 m. Cortiza gris e lisa. Follas duns 10 cm de lonxitude, con 5-7 lóbulos e cor verde-brillante, amarela-brillante no outono. Flores que saen na primavera en pequenas inflorescencias,

erguidas, de cor verde-amarela. Froito con ás estendidas e duns 4 cm de lonxitude.

USOS: ornamental.

Acer palmatum Thunb.

NOMES VERNÁCULOS: pradairo xaponés, arce palmado japonés.

ORIXE: Xapón, China e Corea.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é unha planta ornamental.

DESCRICIÓN:

pequena árbore ou mato de folla caduca, pode acadar alturas de 6-15 m. Cortiza lisa, parda ou agrisada. Follas de 4 a 12 cm de lonxitude e anchura, con forma de palma e con 5 a 7 lóbulos profundos, aserrados nas beiras.



Teñen cor verde e tornan vermellas ou amarelas no outono. As pequenas flores púrpuras están dispostas en inflorescencias e medran na primavera o saí-las follas novas. Froito en dúas sámaras con ás, duns 2 cm de lonxitude.

USOS: empregada nas técnicas bonsai e como ornamental no Xapón dende hai séculos; na actualidade é moi empregada en xardinería en Europa e Norteamérica o poder medrar nas áreas temperás do mundo. É moi decorativa polas cores das follas, existindo unha grande variedade de cultivares.



Acer pseudoplatanus L.

NOMES VERNÁCULOS: pradairo común, falso plátano, sicómoro, arce blanco.

ORIXE: sur e centro de Europa, atópase tamén no oeste da Asia.

DISTRIBUCIÓN: común en parques e xardíns e espontáneo nas ribeiras dos ríos de Lugo e Ourense.

DESCRICIÓN: pode acadar ata 30 m de altura. Tronco dereito coa cortiza lisa e agrisada que cos anos torna agretada e escamuda. Follas caducifolias cun longo pecíolo de cor vermella e cinco lóbulos dentados, cor verde-escura na face e gris-azulada no envés; no outono tornan a cores amarelo-douradas. As pequenas flores saen na primavera e poden ser hermafroditas ou



unisexuais, cor amarela-verdosa e agrupadas en inflorescencias colgantes. O froito madura ó final do verán e ten dúas ás de cor vermella.

USOS: moi empregado como ornamental. A súa dura madeira é moi estimada en carpintaría, tornaría e ebanistaría, sendo por outra banda a súa leña un

combustible. As súas follas, os froitos e a cortiza das raíces téñense utilizado como astrinxentes.

FAMILIA: *Rutaceae*.

Poncirus trifoliata (L.) Raf.

NOMES VERNÁCULOS: naranjo trifoliado, naranjo espinoso.

ORIXE: China.

DISTRIBUCIÓN: árbore froiteira e ornamental.

DESCRICIÓN: pequena árbore de folla caduca, emparentada coa laranxeira e o limoeiro. Acada os 3 a 5 m de altura e ten espiñas verdes, grandes e duras. Follas con tres ou cinco folíolos, coriáceas e verde-escuras. As flores son de cor branca e medran na primavera antes de que saian as follas, illadas ou a pares nas axilas das espiñas. O froito é unha laranxa pequena e aceda, que ten cor verde e vira a amarela ó madurar.



USOS: pola súa resistencia á friaxe emprégase como base para enxertar outras árbores produtoras de cítricos, como o mandarino. A laranxa na China é utilizada para preparar doces e menciñas. Sementada dende hai séculos no norte da China e dende o século VIII en Xapón, na actualidade é moi sementada con fins ornamentais ou para facer sebes espiñentas, en Europa, Asia e América do Norte.



FAMILIA: *Oleaceae*.

Ligustrum lucidum Aiton f.

NOMES VERNÁCULOS: alfaneiro Chinés, ligustro chinés, alfaneiro da China, aligustre de China.



ORIXE: China.

DISTRIBUCIÓN: podémola atopar en moitos parques de Galicia; non se atopou naturalizada.

DESCRICIÓN: arboriña sempreverde de 4 a 8 m de altura, copa frondosa e o tronco de cortiza lisa, agrisada. Follas ovaladas, coriáceas, de 6 a 12 cm de lonxitude, de cor verde-lustrosa na face e máis pálidas no envés. Flores hermafroditas, polinizadas coa axuda dos insectos, que se sitúan en inflorescencias piramidais e florecen en xuño ou xullo. O froito é unha pequena drupa con forma de globo e de cor negra-azulada, que permanece moito tempo na árbore e constitúe

un bo alimento no inverno para os paxaros urbanos.

USOS: moi empregada como árbore ornamental en Galicia; admite as fortes podas e soporta moi ben a polución. Na China, as drupas, que son un pouco tóxicas, úsanse na medicina tradicional para o tratamento da debilidade sexual, o cansazo e para aumenta-lo “yin” do corpo.



FAMILIA: *Bignoniaceae*.

Catalpa bignonioides Walter

NOMES VERNÁCULOS: catalpa, catalpa americana.

ORIXE: sueste de Norteamérica.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é unha árbore ornamental.



DESCRICIÓN: pequena árbore caducifolia que medra moi rápido e acada os 15 m de altura. Tronco de cortiza parda-agrisada e con fisuras. Grandes follas de forma acorazonada co ápice rematado en punta, longo pecíolo e cor verde máis pálida no envés. Flores duns 5 cm de lonxitude, forma de campá, cor branca con manchas amarelas e púrpuras, dispóñense en inflorescencias e medran no verán.

O froito permanece moito tempo na árbore e semella un legume, pero é unha cápsula de cor verde, parda ó madurar, delgada e colgante, duns 40 cm de lonxitude.

USOS: como ornamental ó soporta-la polución e ser moi rústica. A madeira é dura e difícil de traballar; con ela fanse travesas do ferrocarril e postes para os valados.

FAMILIA: *Caprifoliaceae*.

Viburnum tinus L.

NOMES VERNÁCULOS: lourentino, durillo, laurel salvaje.

ORIXE: rexión mediterránea.

DISTRIBUCIÓN: en Galicia é un mato ornamental.

DESCRICIÓN: arbusto de folla perenne e forma arredondada, que acada os 2-4 m de altura. Follas coriáceas, lanceoladas, de cor verde-intensa e máis claras no envés. Flores brancas e pequenas, dispostas en inflorescencias que medran de xaneiro a abril. O froito é unha pequena drupa ovoide de cor azul-escura, e é tóxico.



USOS: ornamental, en sebes ou illado. Tamén ten propiedades medicinais por conter “taninos” e “viburnina”.

Monocotyledonae

FAMILIA: *Palmaceae*.

Trachycarpus fortunei (Hook.) H. Wendl.



NOMES VERNÁCULOS:
palmeira de abano, palma
excelsa.

ORIXE: leste e centro da
China.

DISTRIBUCIÓN: sementada
por todo o mundo.

DESCRICIÓN: palmeira
sempreverde, monoica, dun
único tronco de ata 10 ou
15 m de altura, cuberto cos
restos das bases das follas
vellas e moitas fibras de cor
escura. Grandes follas
palgadas no seu penacho
apical, divididas en
segmentos erectos de cor
verde-escura e cun largo
pecíolo. Inflorescencia máis
curta cás follas e con gran
cantidade de flores; se a
inflorescencia é feminina as
flores son de cor amarela e

de cor verde se son masculinas. Froitos pequenos, esféricos e de cor
negra-azulada.

USOS: moi empregada como árbore ornamental ó ser unha das
palmeiras máis resistentes á friaxe e á calor.



FAMILIA: *Agavaceae*.

Cordyline australis (Forster, f.) Endl.

NOMES VERNÁCULOS: dracena, cordilina de Nova Zelandia, dracaena, cordiline.

ORIXE: é unha monocotiledónea endémica de Nova Zelandia.

DISTRIBUCIÓN: pola tolerancia ó clima frío, a beleza e a facilidade do seu cultivo é moi sementada en xardíns das zonas temperás do planeta (oeste de Europa e costa occidental de Norteamérica).

DESCRICIÓN: medra ata os 15 m de altura, primeiro cun tronco único, e logo subdivídese nunha coroa de moitas pólas. As follas teñen forma de espada de 40 a 90 cm de lonxitude e son de cor verde. As flores son de cor crema ou brancas, pequenas e agrupadas nun acio de gran tamaño. O froito é unha pequena drupa branca.

USOS: moi sementada como árbore ornamental. Polo seu contido en carbohidratos pode comerse logo de cocelo, por iso foron unha importante fonte de alimento nos primeiros séculos da ocupación maorí de Nova Zelandia. Facían grandes buracos onde os cociñaban dous días, despois eran secados ó sol, e así podían durar anos. O tronco e as raíces poden macerarse



para facer cordas, e coas follas pódese tecer roupa e calzado. O zume da planta é bo para as infeccións e con el os primeiros misioneiros facían cervexa. Pódese empregar como adozante de poucas calorías e como fonte de etanol para facer biocombustibles.

3.- Glosario

Acio ou racimo: inflorescencia con flores dispostas ó longo dun eixe.

Alcaloide: metabolitos secundarios das plantas derivados de aminoácidos.

Alóctona: especie incorporada nun ecosistema que non é nativa da zona.

Amento: inflorescencia xeralmente péndula de flores unisexuais.

Analxésico: calma ou elimina a dor.

Androdioica: planta cuns pés con flores hermafroditas e outros con flores masculinas.

Antidiarreica: alivia ou cura as alteracións fisiolóxicas dos excrementos.

Antiespasmódico: relaxa o sistema muscular, curando os espasmos musculares.

Antihemorráxico: detén o fluxo do sangue nas hemorraxias.

Antirreumático: axente terapéutico que cura ou prevén o reumatismo.

Antiséptico: substancia que aplicada sobre a pel reduce a posibilidade dunha infección.

Arilo: envolta carnosa dalgúñas sementes.

Astrinxente: substancia de aplicación tópica que produce constrición e sequidade.

Autóctona ou nativa: planta propia do ecosistema que medra salvaxe nel.

Baga: froito carnoso e simple, polo xeral é arredondada.

Balsámico: substancia que se aplica como remedio para feridas e chagas da pel.

Bráctea: follas transformadas que medran próximas ás flores.

Caducifolia: planta con follas que caen ó comezo da estación desfavorable.

Cápsula: froito seco con varias sementes.

Carminativo: substancia que favorece a expulsión dos gases do aparato dixestivo.

Clon: organismos xeneticamente idénticos.

Cólico: síndrome que cursa con dores no abdome.

Cono ou piña: froito dos piñeiros e outras árbores, composto por varias pezas leñosas.

Corimbo: inflorescencia na que as flores están ó mesmo nivel e os seus pedicelos se enxertan no eixe a diferentes niveles.

Depurativo: provoca a expulsión de substancias nocivas ou inútiles para o organismo.

Desinfectante: substancias que matan ou inactivan os axentes patóxenos.

Dicotiledónea: taxon das plantas.

Dioica: planta con flores masculinas ou femininas, que medran en individuos diferentes.

Diurético: substancia que aumenta a eliminación da auga e do sal nos ouriños.

Drupa: froito cunha semente leñosa no interior, recuberta por unha envolta carnosa.

Emenagogo: estimula ou provoca a menstruación.

Endémica: especie que só é posible de atopar de forma natural nun lugar.

Envés: cara inferior da folla.

Estame: órgano floral masculino que porta os sacos polínicos.

Estéril: individuos ou organismos que non se poden reproducir sexualmente.

Estoma: pequenos poros das follas.

Expectorante: substancias que provocan ou promoven a tose.

Face: cara superior das follas.

Febrífugo: serve para combate-la febre.

Folíolo: partes nas que se divide unha folla composta.

Folla composta: ten o limbo da folla dividido en varios folíolos.

Folla simple: ten o limbo da folla composto por un só folíolo.

Fósil: restos ou sinais de organismos do pasado conservados nas rochas sedimentarias.

Froito: ovario fecundado e maduro que contén as sementes nas plantas con flores.

Glauc: cor verde claro lixeiramente azulado.

Hermafrodita: flor ou planta que produce gametos masculinos e femininos.

Inflorescencia: conxunto de flores agrupadas.

Infrutescencia: conxunto de froitos derivados da fecundación dunha inflorescencia.

Invasora: especie introducida fóra da súa área de distribución natural que se establece e dispersa, resultando daniña para a diversidade biolóxica.

Landra: froito das árbores do xénero *Quercus*.

Laxante ou purgante: substancia que provoca a expulsión dos excrementos.

Legume: froito que se abre por dúas suturas, típico da familia das leguminosas.

Monocotiledónea: taxon de plantas.

Monoica: especie na que na mesma planta hai flores masculinas e femininas.

Narcótico: substancia medicinal que inhibe a transmisión dos sinais nerviosos da dor.

Naturalizada: planta que medra e se propaga sen ser orixinaria do lugar.

Ornamental: plantas que se sementan co fin de amosa-la súa beleza.

Pecíolo: rabo que une a base da folia á póla.

Pedúnculo: rabo que une a flor, inflorescencia ou o froito, á póla.

Perenne ou sempreverde: follas que permanecen na planta en tódalas estacións do ano.

Pomo: froito carnoso típico das Rosáceas.

Relicta: cunha extensa área de distribución no pasado, localizada na actualidade.

Sámara: froito seco con ás para ser espaxado polo vento.

Sedante: substancia que deprime o sistema nervioso central.

Senlleira: árbores únicas pola súa idade ou por outras características.

Sudorífico: substancia que provoca a sudoración.

Taninos: substancias orgánicas empregadas para curti-las peles dos animais.

Tónico: restablece o vigor e a tensión normal de órganos ou de todo o organismo.

Unisexual: flor cun só sexo.

Vasoconstritor: estímulo ou substancia que diminúe o calibre dos vasos sanguíneos.

Vermicida: substancia que mata os vermes intestinais.

Verticilo: conxunto de follas, pólas ou outros órganos que nacen ó mesmo nivel.

Xemas: órgano que dá lugar a follas ou flores.

4.- Bibliografía

COOMBES. ALLEN, J. (1992). *Árboles. Manuales de Identificación*. Barcelona: Ediciones Omega.

GUILLOT ORTIZ, D. (2009). *Flora ornamental española: aspectos históricos y principales especies*. Monografías de la Revista Boutelona, nº 8.

LÓPEZ LILLO, A.; SÁNCHEZ DE LORENZO CÁCERES, J. M. (1998). *Árboles en España. Manual de Identificación*. Ediciones Mundi-Prensa.

MABBERLEY, D. J. (1997). *The plant-book: A portable dictionary of the vascular plants. Second edition*. Cambridge University Press.

NIÑO RICOI, E; C. SILVAR (1997). *Guía das árbores de Galicia*. A Coruña: Bahía.

PULGAR SAÑUDO, I; AMIGO VÁZQUEZ, J. E; GIMÉNEZ DE AZCÁRATE, J. (2006). *Guía da flora do Parque Natural Fragas do Eume*. Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente.

RODRÍGUEZ GRACIA V.; DE JESUS GONZÁLEZ J. A.; RODRÍGUEZ ROMERO R. A. (2008): *Flora Ornamental Auriense. Tomo I*. Ourense. Editorial Duen de Bux.

RODRÍGUEZ RÍO, X. (Coord) (2004): *Termos esenciais de botánica*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela-Servizo de Publicación se Intercambio Científico.

SÁNCHEZ LORENZO, J. M. (2001). *Guía de las Plantas Ornamentales*. Editorial Mundi- Prensa.

SOMOZA MEDINA, J. (2001). *El Desarrollo Urbano de Ourense: 1895-2000*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.